



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Enfermería (Santiago de Compostela)

Curso Académico: 2022/2023

Control da elaboración e aprobación

Unidade /Órgano	Data entrega ou aprobación
Comisión de calidade do Centro	05 de xuño de 2024
Informe técnico conforme da SCVTI	21 de novembro de 2024
Xunta de Facultade	12 de decembro de 2024
Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	28 de febreiro de 2025

Índice

1. Introducción. Sistema de Xestión de Calidade do Centro	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	5
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	5
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	14
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	27
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	45
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	55
Directriz 6. Información pública.....	59
3. Plan de Melloras do centro.....	61
4. Modificacións nos diferentes títulos	80
5. Listaxe de evidencias e indicadores	81

1. Introducción. Sistema de de Xestión de Calidade do Centro

1.1 Presentación da memoria de Calidade

De acordo co Procedemento de Revisión e mellora (Código: PE-02) a análise de funcionamento de cada un dos títulos que se imparten na Facultade de Enfermería e do SGC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual do centro. A figura da acreditación institucional, introducida polo Real decreto 420/2015 do 9 de maio, abriu un escenario novo, no que a Memoria de Calidade de cada centro debe constituír o documento que recolla o seguimento dos títulos e do propio Sistema de Garantía de Calidade. A dita figura da acreditación institucional tomou aínda máis relevancia a partir da aprobación do Real Decreto 640/2021 de 27 de xullo, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios e do Real Decreto 822/2021 de 28 de setembro. Ademais, a *“Ley Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario”* establece no seu artigo 5 que o sistema universitario deberá garantir niveis de bo goberno e calidade contrastables cos estándares internacionalmente recoñecidos (concretamente o Espazo Europeo de Educación Superior) e que **as universidades garantirán a calidade académica das actividades dos seus centros, a través dos sistemas internos de garantía de calidade.**

1.2 O centro

A **Facultade de Enfermería da Universidade de Santiago de Compostela (USC)** é una institución pública que destina todos os seus recursos, persoais e materiais, á formación de profesionais enfermeiros da máis alta cualificación no ámbito da saúde mediante a formación de grao e profesionais nos ámbitos da saúde e da atención sociosanitaria mediante a formación de posgrao. Durante o proceso educativo as titulacións que se imparten no centro dirixen os seus esforzos cara o alumnado no desenvolvemento da súa capacidade de aprendizaxe e a habilidade para pensar como suxeito crítico, coa intención de lograr profesionais motivados e comprometidos cos valores de equidade e solidariedade. Devanditos profesionais traballarán no futuro actuando nos diversos niveis de complexidade para a atención da saúde individual e colectiva, realizando a práctica profesional vinculada á educación, investigación e coidados centrados na realidade, con responsabilidade social e compromiso coa cidadanía.

O reto dos centro consiste en proporcionar unha oferta atractiva de títulos con programas formativos actualizados de elevada calidade, dirixidos por docentes altamente cualificados, que actúen como axentes motivadores do proceso dinámico de aprendizaxe, inculcando ademais a reflexión e a creatividade. Tamén é fundamental contar cunha infraestrutura e un conxunto de profesionais non docentes, que sustenten e permitan alcanzar o prestixio que se persegue, tanto a nivel nacional como internacional. Con todo este esforzo conxunto preténdese atraer a estudantes de elevado rendemento académico e especialmente motivados de cara á formación de grao e posgrao ofertada.

1.3 Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Enfermería alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de máster universitario. Así mesmo, alcanza a toda as persoas (alumnado, persoal docente e investigadores e persoal de administración e servizos) vinculadas a el.

As titulacións que se imparten na Facultade de Enfermería son as seguintes:

- Grao en Enfermería
- Máster Universitario en Xerontoloxía (interuniversitario)
- Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (especialidade en Clínica/Xestión)

A Facultade de Enfermería conta para o desenvolvemento do seu Sistema de Garantía de Calidade, coa seguinte estrutura:

Equipo Decanal (ED)

O equipo Decanal, e en particular a súa decana como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Comisión de Calidade do Centro (CCC)

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Responsable de calidade do centro (RCC)

As función de coordinación da CCC, propostas de mellora do SGC, dirección da elaboración da memoria de calidade, entre outras, son levadas a cabo polo responsable de calidade do centro (RCC).

Comisión/s de título/s (CT)

A Facultade conta con unha Comisión de Título para cada un dos títulos oficiais, Grao e Máster. As comisión de título réxense polo Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Máster da Universidade de Santiago de Compostela. No caso de estudos interuniversitarios están representadas as universidades que comparten o título. As comisións de título velan polo funcionamento ordinario do título, teñen as funcións que establece o regulamento de titulacións oficiais de Grao e Máster vixente en cada momento, así como outras que podan contemplarse no regulamento de réxime interno do centro ou noutras normativas.

Coordinador/a de título

Os/As coordinadores/as de título son os responsables do título de Grao e/ou Máster, ostentan as funcións que establece o regulamento de titulacións oficiais de Grao e Máster vixente, así como as funcións en relación co SGC, tales como velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.

Comisión Intercentros (CI)

A facultade conta con unha comisión intercentros que é a encargada de planificar, coordinar e avaliar o seguimento de toda a actividade académica docente e de calidade da titulación de Grao en Enfermería da Universidade de Santiago de Compostela. A formación de Grao en Enfermería na USC impártese en 2 centros (Facultade de Santiago de Compostela e Escola Universitaria de Lugo), aínda que os centros manteñen a independencia na organización docente, A comisión intercentros é un elemento fundamental no proceso educativo, pois vela polo cumprimento dos requisitos e estándares establecidos para a titulación. A súa función principal é garantir que tanto o plan de estudos como o desenvolvemento das actividades académicas se axusten ás normativas e criterios de calidade establecidos pola institución educativa e polos organismos reguladores competentes.

Comisión de Prácticas (CP)

A Facultade conta con unha Comisión de Prácticas que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento das prácticas clínicas do título de Grao en Enfermería

A comisión de prácticas xoga un papel esencial no desenvolvemento e supervisión das prácticas académicas dos estudantes universitarios. As súas funcións abarcan diversos aspectos que garanten a calidade e o aproveitamento das prácticas como parte integrante do proceso de formación dos estudantes. Entre as principais funcións da comisión de prácticas, destacan as seguintes:

1. Deseño do programa de prácticas. A comisión é responsable de deseñar e establecer os programas de prácticas que os estudantes deberán realizar como parte do seu plan de estudos. Isto implica definir os obxectivos das prácticas, os contidos a desenvolver e os criterios de avaliación que se aplicarán durante o seu desenvolvemento.
2. Selección de centros/unidades colaboradoras. A comisión encárgase seleccionar os centros e unidades hospitalarias relacionadas co ámbito de estudo, co fin de proporcionar aos estudantes os lugares adecuados para realizar as súas prácticas.
3. Seguimento e supervisión das prácticas. Durante o período de realización das prácticas, a comisión realiza un seguimento continuo do progreso dos estudantes, asegurándose de que estean a cumprir cos obxectivos establecidos e de que estean a adquirir as competencias e habilidades previstas no programa de prácticas. Para iso, pode realizar visitas aos centros colaboradores e manter comunicación frecuente cos tutores das prácticas.
4. Revisar as ferramentas de avaliación das prácticas. Por exemplo, actualizar as follas de avaliación e adecualas ás diferentes unidades, así como as memorias ou traballo escrito sobre a experiencia ou calquera outra ferramenta de avaliación que se considere revisar ou incorporar.
5. Resolución de incidencias. En caso de que se produzan incidencias ou problemas durante o desenvolvemento das prácticas, a comisión actúa como mediadora entre os estudantes, os tutores das prácticas e os centros colaboradores, buscando unha solución adecuada para garantir o bo desenvolvemento das mesmas.
6. Elaborar e actualizar a guía de Prácticas Clínicas. Esta guía está a disposición do alumnado e do PDI na páxina web do centro, e recolle información relevante para correcto desenvolvemento das Prácticas. Periódicamente revísase para mantela acorde ás normativas e aos contextos das Prácticas.

Coordinador/a de Prácticas (Grao en Enfermería e Máster Universiatrio en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados)

A función do/a Coordinador/a de prácticas é o/a responsable da organización, seguimento e planificación das prácticas. A coordinación está organizada a través dun coordinador xeral de prácticas de grao, e unha coordinadora de cada unha das materias de Prácticas Clínicas do grao. O coordinador xeral encárgase da supervisión, seguimento e xestión de aspectos comúns a todas as materias de Prácticas, e cada coordinadora de materia planifica as rotacións que lle corresponde e xestiona a súa avaliación e incidencias. Todos se comunican co Profesorado Asociado de Ciencias da Saúde correspondente, quen imparte docencia clínica xunto cos colaboradores docentes. No relativo ao MASXC, hai coordinadoras de prácticas tanto para a especialidade clínica como de xestión.

A planificación das prácticas lévase a cabo en coordinación co ACIS (Axencia Galega en Coñecemento en Saúde) que é quen oferta as prazas dos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) nos que os alumnos desenvolverán as súas Prácticas (tanto no Grao en Enfermería como no Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados)

En conxunto, o SGC da Facultade de Enfermería contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade, e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese. **A documentación de referencia do sistema de garantía de calidade do centro pódese consultar a través da seguinte ligazón: [Documentación do SGC](#)**

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.1 Política de Calidade

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do seu plano estratéxico) a Facultade de Enfermaría adquire o compromiso de garantir a calidade e establece a súa política baixo os seguintes principios éticos e profesionais:

- **Responsabilidade.** Proporcionar unha formación dirixida cara a excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- **Integración, participación e igualdade.** Establecer como un dos principios fundamentais da súa política que tódalas necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- **Orientación ó alumnado.** Garantir no seu programa formativo a orientación ó alumnado entendendo que é o seu principal receptor.
- **Excelencia.** Traballar tendo como meta a alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais escolas e facultades recoñecidas.
- **Transparencia.** Basear a xestión dos seus programas formativos na transparencia dos seus resultados e na difusión destes ós seus grupos de interese.

Mediante as diferentes accións levadas a cabo pola CCC (informes de seguimento das titulacións e Memoria de Calidade) é posible facer unha análise exhaustiva que permite introducir melloras nos títulos, valorar se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación.

Os mecanismos de recollida de información, satisfacción etc. son os adecuados e o apoio da Área de Calidade e Mellora dos

Procedementos da USC é fundamental á hora de facilitar o acceso á información.

Non obstante, a información da páxina web na sección de Calidade debería actualizarse mais frecuentemente. Con respecto aos manuais de calidade do centro é preciso unha revisión para adaptala á última modificación dos manuais institucionais.

A actualización e revisión dos contidos da páxina web do centro e a documentación do SGC relativa ao Manual do Sistema de Garantía de Calidade forman parte de dúas accións de mellora (AM10 e AM11) iniciadas na memoria anterior e que terán continuidade no curso académico 2023-2024. Esta actualización ten como obxectivo adecuar os procesos e procedementos ás novas esixencias normativas e ás necesidades detectadas durante as auditorías internas e externas. O Manual do Sistema de Garantía de Calidade será revisado de forma exhaustiva para asegurar que todos os aspectos críticos do sistema están correctamente documentados e implementados. Esta revisión incluírá a análise de todas as políticas, procedementos e prácticas actuais, co fin de identificar áreas de mellora e garantir a súa eficacia e eficiencia.

Ademais, a información dispoñible na páxina web do centro será actualizada para reflectir estas melloras. A páxina web será un recurso esencial para ofrecer información transparente e actualizada sobre o sistema de calidade, incluíndo os procedementos de avaliación e as medidas correctivas implementadas. Esta transparencia é fundamental para manter a confianza da comunidade universitaria, incluíndo estudantes, profesores, persoal administrativo e outros colaboradores.

A actualización do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e da páxina web tamén incluírá a formación e capacitación do persoal do centro. É importante que todo o persoal estea familiarizado coas novas actualizacións e saiba como aplicar correctamente os procedementos e prácticas de calidade. Para iso, organizaranse sesións de formación e talleres específicos.

En resumo, a continuidade das accións de mellora iniciadas o curso pasado busca fortalecer o noso compromiso coa calidade, asegurando que o centro opera baixo os máis altos estándares. A actualización do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e a información na páxina web son pasos cruciais para alcanzar este obxectivo, proporcionando unha base sólida para a mellora continua e a excelencia na xestión educativa.

Con respecto á **adecuación e eficacia na recollida de información**, xa sexa en termos de satisfacción, queixas ou suxestións dos grupos de interese, o desafío está en aumentar a participación nas enquisas de satisfacción, especialmente as do alumnado, co obxectivo de poder facer unha mellor valoración. A recollida de información de maneira eficaz é fundamental para entender as necesidades e expectativas dos nosos grupos de interese, entre os que destacan o alumnado, o profesorado, o persoal administrativo, as familias e os representantes da comunidade educativa. Estes datos son cruciais para poder implementar melloras que repercutan nunha maior calidade educativa e nunha mellor xestión dos recursos e servizos ofrecidos polo centro.

Concretamente, no caso do alumnado, a baixa participación nas enquisas de satisfacción representa un reto significativo. Sen unha resposta ampla e representativa, é difícil obter unha imaxe fiel das súas experiencias, percepcións e suxestións. Para abordar este desafío, é necesario implementar unha serie de estratexias que non só incrementen a taxa de participación, senón que tamén aseguren a calidade e a utilidade da información recollida.

En primeiro lugar, é importante traballar na sensibilización e concienciación do alumnado sobre a relevancia das enquisas de satisfacción. Os estudantes deben entender que as súas opinións son esenciais para mellorar o funcionamento do centro e a calidade da educación que reciben. Para iso, unha das accións de mellora, xa iniciada no curso anterior (AM2), será levar a cabo campañas informativas utilizando diversos canais de comunicación, como correos electrónicos, redes sociais e paneis informativos. Estas campañas deben ser claras e persuasivas, destacando exemplos concretos de melloras realizadas grazas á participación nas enquisas anteriores.

O profesorado e o persoal administrativo tamén desempeñan un papel fundamental neste proceso. A súa implicación é clave para fomentar unha cultura de participación activa. Poden animar aos estudantes a completar as enquisas, recordándolles a súa importancia e proporcionando tempos e espazos durante as clases ou actividades para que poidan facelo.

En resumo, a adecuación e eficacia na recollida de información aos grupos de interese depende en gran medida da nosa capacidade para aumentar a participación nas enquisas de satisfacción, especialmente entre o alumnado. A través de campañas de sensibilización, e a implicación do profesorado, podemos lograr unha maior implicación dos estudantes e obter unha valoración

máis precisa e útil para implementar melloras efectivas no noso centro.

Grao en Enfermería

En xaneiro de 2020 tomouse a iniciativa de emprender unha modificación do plan de estudos do Grao en Enfermería. Esta modificación representa un desafío e á súa vez unha oportunidade para a mellora da titulación. A elaboración e posta en marcha afectará á actividade de organización da docencia do Grao en Enfermería nos vindeiros cursos académicos.

Sendo obxectivos da política de calidade da Facultade de Enfermería: *“contribuír á mellora da sociedade a través da formación de profesionais do coidado, competentemente formados e que entendan os procesos de saúde/enfermidade dende un enfoque integral do ser humano”, “favorecer a investigación de excelencia como garantía dun adecuado progreso no coñecemento e a disciplina enfermeira, así como a mellora continua na transferencia dos coñecementos á sociedade e a difusión da cultura”, “coñecer as necesidades e expectativas do alumnado, PDI, PAS e empregadores/as, o que nos permitirá marcar o camiño para unha mellora continua dos títulos ofertados polo Centro”,* a decisión de iniciar a tramitación dunha serie de modificacións na titulación do Grao en Enfermería ven motivada por diversas situacións que se expoñen a continuación:

1. A vontade de mellora e seguimento das indicacións do Informe final de avaliación para a renovación da acreditación (2017), especialmente as relativas:

- aos sistemas de avaliación recollidos na Memoria do título
- á recomendación do aumento da participación do alumnado en programas de mobilidade, limitada pola existencia de materias de carácter anual
- á recomendación de mellorar “a adecuación do perfil do profesorado das materias relacionadas cos coidados de Enfermería para que estas teñan un enfoque eminentemente enfermeiro”, o cal precisa de cambios no enfoque dalgunhas materias e as súas guías docentes.

En estreita relación con este último punto, cómpre salientar que nos últimos anos vense producindo un cambio no perfil do profesorado da área de Enfermería, actualmente inmersa nunha fase de renovación. O aumento do número de enfermeiros/as que acceden a prazas de PDI está sendo constante na área de Enfermería, responsable de case un 90% do total da docencia do Grao en Enfermería, creando así un contexto óptimo para a posta en marcha das modificacións sinaladas.

2. O plan de estudos do Grao non sufriu modificacións relevantes dende a súa primeira acreditación no ano 2009. Actualmente, a experiencia acadada tras unha década no marco do Plan Bolonia permítenos ser conscientes das súas debilidades e fortalezas. Numerosas achegas por parte tanto do profesorado como do alumnado e PAS ao longo dos últimos anos identificaron oportunidades de mellora que pretendese reflectir nesta modificación.

3. O crecemento progresivo da profesión enfermeira e o constante aumento da súa incorporación á docencia, á investigación e á xestión, precisan dunha maior formación nestes eidos, así como mellorar globalmente a formación dos futuros profesionais, de xeito que asegure a adquisición das competencias da profesión recoñecidas na ORDEN CIN/2134/2008.

Durante o curso académico 2020-2021 realizáronse os procedementos para a modificación da Memoria do Título de Grao. Na sesión ordinaria do Consello de Goberno celebrada o 23 de xullo de 2021 aprobouse a modificación substancial do Grao en Enfermería para a súa implantación no curso 2022/2023. Durante o curso 2021-2022 os esforzos centráronse na organización e planificación do novo plan de estudos.

De xeito ordinario e anualmente, a Comisión do Título de Grado en Enfermería e a Comisión de Calidade, a través, principalmente da elaboración do informe de seguimento e a Memoria de Calidade, analiza os resultados do título e os compara co establecido na Memoria. Establece as Accións de Mellora que tratan de corrixir as diverxencias detectadas. Periodicamente a Comisión de Calidade dos Centros reúnese para analizar o grao de execución das Accións de Mellora, existindo coordinación neste senso entre a Facultade de Santiago e a Escola de Lugo.

A coordinación horizontal e vertical viuse reforzada polo novo plan de estudos debido a que estes aspectos se traballaron na Comisión de Titulación durante o proceso de modificación do mesmo. Ademais, a implementación do novo plan de estudos esixe un incremento na coordinación entre o profesorado dos diferentes departamentos que imparten na titulación para unha mellor organización da titulación.

Coordinación horizontal: a figura de coordinador de área e coordinadores de materias, na Facultade de Enfermería, facilitou nos últimos cursos académicos o cumprimento das competencias de cada materia, así como a organización da docencia. Dende o curso 2016/2017 incrementouse a coordinación horizontal entre Santiago e Lugo facilitando a unificación de contidos das materias en ambas facultades. A coordinación a nivel de centros é fluída e eficiente e lévase a cabo nas reunións que a comisión do título intercentros leva a cabo durante o curso académico, coa participación de ambos equipos decanais e outros membros designados polos centros.

A coordinación horizontal tamén se viu reforzada en 4º curso en concreto no TFG a raíz da “*Resolución reitoral sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais*”. Tendo en conta as características dos traballos de investigación propostos nos TFGs, a comisión permanente da Facultade de Enfermería e a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela e Barbanza actuaron de forma coordinada para a valoración dos traballos, realizando unha función de análise revisión e asesoramento ao alumnado e profesorado sobre o cumprimento dos requisitos esixidos, mediante un informe previo á emisión do informe definitivo polo Comité de Bioética. Debido ao gran número de traballos recibidos e a complexidade dos mesmos unha acción de mellora para o curso 2022-2023 será a creación de un grupo de traballo para a valoración e asesoramento dos TFG nos cales exista intervención con seres humanos e/ou obtención de mostras ou de datos persoais.

Tendo en conta o calendario de implementación do novo título de grao, organizaranse accións de mellora vinculadas á coordinación docente.

Coordinación vertical: existe coordinación entre as materias de distintos cursos académicos coa finalidade de evitar duplicidades. Esta coordinación vertical viuse reforzada con novo plan de estudos, durante a elaboración do mesmo a Comisión de Titulación da Facultade de Enfermería e a Intercentros (Santiago-Lugo) realizou unha análise en profundidade dos contidos das materias coa finalidade de evitar duplicidades e reforzar os aspectos fundamentais da titulación así como garantir a adquisición das competencias establecidas na memoria do título.

As Prácticas Clínicas do Grado de Enfermería da Facultade de Santiago, lévanse a cabo en Centros hospitalarios e Centros de Atención Primaria.

Para a obtención do título de graduado en Enfermería é necesario cursar 84 dos 240 créditos totais, en contornas clínicas.

Previamente, o alumnado recibe formación acerca das diferentes técnicas e procedementos mediante docencia de laboratorio na facultade onde adquiren as habilidades adecuadas para poder aplicalas no ámbito clínico, ademais, o Servizo de Medicina Preventiva do CHUS (mediante o seu supervisor de enfermería) imparte ao alumnado que vai facer a súa primeira rotación de prácticas (Prácticas clínicas I) unha charla informativa acerca dos riscos biolóxicos e protección individual.

O itinerario curricular das prácticas clínicas vai dirixido a afianzar coñecementos, incorporar valores profesionais e adquirir competencias técnicas e está estruturado en 6 materias (84 créditos) a realizar ao longo de 2º, 3º e 4º curso.

Estas prácticas clínicas desenvolveranse de forma gradual en función das competencias que o alumnado debe adquirir en diferentes contextos como son, unidades de hospitalización, atención primaria, atención especializada, unidades de críticos, urxencias, Saúde mental, etc.

Os centros sanitarios para a realización destas serán aqueles que marque o concerto asinado entre a Consellería de sanidade da comunidade autónoma de Galicia e a USC.

Nos últimos cursos, e ante a complexidade da organización, aumentouse o PDI encargado da coordinación. Actualmente o persoal implicado nas prácticas clínicas en Santiago é o seguinte:

- Equipo coordinador de prácticas, formado por un coordinador xeral e un coordinador por cada curso (2º, 3º e 4º)
- Profesores asociados de Ciencias da Saúde (PACS). Son os encargados do seguimento e avaliación das prácticas (no Curso 2022-2023 a titulación contou con 40 PACS).
- Colaboradores docentes. Son profesionais que colaboran voluntariamente na formación tutelando e avaliando ao alumnado (no Curso 2022-2023 a titulación contou con 739 colaboradores docentes).

O Acordo do Consello de Goberno de 5 de maio de 2011 aproba a normativa sobre deportistas de alto nivel (DAN) da Universidade de Santiago de Compostela. Esta normativa establece as medidas de orde académica para facilitar a plena integración dos deportistas no mundo universitario, ao mesmo tempo que permita garantir unha adecuada compatibilidade nos seus estudos coa súa actividade deportiva <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/deporte/deportistas-alto-nivel-dan-usc> Na

Facultade de Enfermería estableceuse a figura de titor académico para o alumnado DAN a través do secretario do Centro. O titor/a académico/a encárgase de facer efectiva a compatibilización dos estudos coa preparación ou actividade deportiva das/ os deportistas de alto nivel ou alto rendemento. A través desta titorización tramítanse as solicitudes relativas a cambios de horarios, grupos, titorías, exames e permanencias que sexan necesarios para facer compatibles os estudos co adestramento diario. No curso titorizáronse 3 alumnos/as.

Máster Universitario en Xerontoloxía (interuniversitario)

Tras o proceso de renovación da acreditación do Máster Universitario en Xerontoloxía (interuniversitario) e os informes de seguimento emitidos, establecéronse as accións de mellora encamiñadas a seguir as recomendacións indicadas. Destas accións de mellora e a súa eficacia dáse conta nos Autoinformes de seguimento do Máster que están publicados nas páxinas web das Facultades de Enfermería da USC e de Ciencias da Saúde da UDC, na sección de calidade.

A coordinación entre ambas Universidades (USC y UDC) realízase de forma presencial e virtual mediante reunións periódicas da Comisión Mixta do Máster procurando unha adecuada coordinación entre ambas institucións. A periodicidade é semestral, realizándose virtualmente sempre que sexa preciso para axilizar trámites pertinentes.

Existe unha revisión permanente dos programas nas comisións académicas para evitar solapamentos ou vacíos, revisando contidos, as novidades a incorporar e as actividades a desenvolver. Ademais, nas comisións interuniversitarias, axústanse os programas das materias comúns, así como os das prácticas e TFM. No curso 2021-2022 realizáronse reunións de forma virtual. Ademais, durante o curso 2020-2021 traballouse nunha nova proposta de modificación do Título no que se incorporaron aspectos detectados como puntos de mellora no Informe de la ACSUG. Espérase que as modificacións realizadas para mellorar a calidade da docencia se reflexen nos diferentes indicadores.

As accións de mellora, acórdanse de maneira coordinada entre os Centros de Santiago e A Coruña a través de reunións periódicas da Comisión Mixta do Título. É principalmente, a través da análise das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e coas taxas de rendemento, éxito e avaliación globais e particulares de cada materia, como se establecen accións de mellora da calidade do ensino e o profesorado. Periodicamente a Comisión de Calidade fai un seguimento do estado de execución das accións de mellora, analizando ó finalizalas se foron ou non eficaces. No caso de non ser eficaces establécense novas accións de mellora.

Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados

No Informe de renovación da acreditación do Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (especialidade en Clínica/Xestión), recóllese: *“Se debe seguir traballando para conseguir una implantación real y efectiva del SGC. La Comisión de Calidad del Centro (CCC) debe constituirse como un espacio de reflexión y toma de decisiones, en coordinación con el resto de comisiones del centro, que incidan en la mejora continua de las titulaciones que se imparten en la facultad. Para ello es importante elaborar planes de mejora con acciones concretas que permitan identificar las principales debilidades del centro y las titulaciones y, posteriormente, hacer un seguimiento de dichas acciones”*. Atendendo a esta indicación a CCC traballa en coordinación coa Comisión do Título de Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados, para a identificación dos puntos débiles e a posta en marcha de accións de mellora e o seu posterior seguimento.

No curso 2022-2023, mantivéronse as medidas de coordinación implementadas para a coordinación horizontal e vertical:

- Mediante reunións programadas a través da plataforma Microsoft Teams cos docentes e alumnado.
- A través de información estable no campus virtual no apartado de “Coordinación máster” dirixida a docentes e alumnado, incluído información sobre presentación do Máster, calendario académico, oferta de liñas de investigación, etc.
- Titor/a, información sobre Traballo Fin de Máster, oferta de prácticas externas, convocatorias, aclaracións de dúbidas, etc.
- A través do apartado de “Anuncios” en “Coordinación Máster” do campus virtual, que ademais permite remitir a información dende o propio Campus ao correo electrónico de docentes e/ou alumnado.
- Outros medios: creación de grupo de comunicación entre alumnado e a coordinación do Máster.
- No relativo a coordinación das prácticas externas, durante o curso 2020-2021 redactouse e posteriormente asinou un novo convenio de colaboración entre o SERGAS e a USC. En virtude deste convenio modifícanse os mecanismos de

coordinación no desenvolvemento das prácticas externas.

Indícanse a continuación os mecanismos de coordinación atendendo a distintas fases no desenvolvemento das prácticas externas:

Fase de oferta, elección e autorización: O Servizo de Docencia da Axencia do Coñecemento e Innovación en Saúde (ACIS) (Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia) solicita a oferta de prazas nos diferentes centros e unidades asistenciais do SERGAS na CCAA. Unha vez coñecida oferta publícase a mesma no Campus Virtual da USC conxuntamente coa convocatoria de elección do destino e período de prácticas. Posteriormente en sesión pública de elección do destino de prácticas. O criterio de orden de elección e a calificación de acceso ao máster. Na elección están presentes a coordinadora de prácticas, a coordinadora do máster e a secretaria de comisión do título.

Unha vez finalizado o período de matrícula. A continuación, publícase o listado provisional e o período de reclamacións, e posteriormente o definitivo. Dito listado é remitido ao ACIS. Corresponde ao ACIS autorizar as rotacións nas diferentes unidades/centros e períodos.

Período de prácticas: Durante a realización das prácticas o alumnado é supervisado por colaboradores/as para a formación práctica na titulación. Unha vez finalizada a rotación de prácticas a avaliación é remitida a coordinadora de prácticas. Posteriormente, establécese un período de revisión de cualificacións.

Durante todo o curso académico coa finalidade de mellorar a coordinación existe comunicación entre a coordinadora de prácticas, coordinadora do mestrado e alumnado mediante diferentes procedementos (campus virtual e/ou do correo electrónico e de outros medios telemáticos) así como comunicación entre ACIS, coordinadora de prácticas e a coordinadora do mestrado a través do correo electrónico e doutros medios.

Os procedementos para recoller información de forma continua desenvólense de acordo ó establecido. A través da análise das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e coas taxas de rendemento, éxito e avaliación globais e particulares de cada materia, do análise das enquisas de satisfacción do PDI e do PAS, identifícanse puntos débiles e fortes e, de ser o caso, fórmulanse accións de mellora.

1.2 Plan Estratéxico de Centro

A elaboración dun Plan Estratéxico de Centro (PEC) é fundamental no marco da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU), que destaca a importancia da planificación e a mellora continua nas institucións académicas. Este PEC desenvólvese en paralelo ao Plan Estratéxico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), garantindo unha perfecta consonancia cos seus obxectivos xerais.

En base ás directrices marcadas polo Plan Estratéxico da USC, o PEC estruturarase arredor de liñas propias que permitirán atender ás necesidades específicas do centro e, ao mesmo tempo, aliñarse cos grandes obxectivos institucionais. Neste sentido, o PEC centrará os seus esforzos en mellorar a oferta formativa, garantindo unha educación de calidade, actualizada e adaptada ás demandas sociais e profesionais así como impulsar a investigación e a transferencia de coñecemento, promovendo proxectos innovadores que xeren un impacto positivo na sociedade. Ademais, o plan incluírá medidas para potenciar a internacionalización, ampliando as posibilidades de cooperación global, mobilidade e intercambio tanto para o alumnado como para o persoal docente e investigador.

Estas liñas de actuación concretaranse nun cronograma planificado, con obxectivos definidos a curto, medio e longo prazo. O proceso incluírá mecanismos de seguimento e avaliación continua, que permitirán medir os avances, identificar áreas de mellora e adaptar as accións ás necesidades emerxentes. Deste xeito, o PEC converterase nunha ferramenta esencial para guiar o desenvolvemento do centro nos próximos anos, aliñando o seu progreso cos retos e prioridades da USC. Este enfoque estratéxico contribuirá a reforzar a identidade do centro e o seu impacto educativo, social e cultural, consolidándoo como un axente clave no cumprimento da misión institucional da universidade.

1.3 Obxectivos de calidade

O grao de cumprimento dos obxectivos de calidade establecidos no noso centro universitario é un aspecto esencial para garantir a excelencia académica e institucional. Os obxectivos de calidade no ámbito universitario abranguen diversos eidos, como o rendemento académico dos estudantes, a investigación e innovación, a calidade do profesorado, a infraestrutura e recursos dispoñibles, e a satisfacción de toda a comunidade universitaria. A análise do grao de cumprimento dos obxectivos establecidos na memoria do curso 2021-2022 permítenos identificar as fortalezas e áreas de mellora, así como tomar decisións informadas para a optimización dos procesos educativos e administrativos. A dedicación ao cumprimento dos obxectivos de calidade establecidos reflicte o compromiso do centro coa excelencia académica, a innovación constante e a mellora continua.

A continuación, analizarase o grao de cumprimento dos obxectivos de calidade establecidos no curso 2021-2022. Este proceso de análise permitirá avaliar a eficacia das accións implementadas durante o devandito período académico e identificar tanto os logros acadados como as áreas que precisan mellora.

1.4 Plan de melloras anual do centro

Accións de mellora Memoria de Calidade 2021-2022 (estado e grado de consecución)

Táboa 01. Cumprimento das accións de mellora propostas para o curso 2021-2022

Código	Definición	Ámbito de aplicación	Responsable da implantación	Data de inicio	Data de finalización	Finalizada	Comentarios
AM1	Adaptación da titulación de Grao en Enfermería ao novo plan de Estudos	Directriz 2	- Equipo Decanal	Setembro 2022	-	Non	Engadese ás accións de mellora nesta memoria
AM2	Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción	Directriz 2	- Equipo Decanal	Setembro 2022	-	Non	Durante o curso 2022-2023 as accións de mellora centráronse na información ao alumnado de novo ingreso Engadese ás accións de mellora nesta memoria
AM3	Necesidade de actualización da normativa do TFG do Grao en Enfermería	Directriz 2	- Equipo Decanal - Comisión título	Setembro 2022	Prevista para Xullo de 2026	Non	Iniciouse no curso 2022-2023 Engadese ás accións de mellora nesta memoria como continuación
AM4	Necesidade de actualización da normativa do TFM do Máster Universitario en Xerontoloxía	Directriz 2	- Equipo Decanal - Coordinadores título de Master	Setembro 2022	Prevista para Febreiro de 2024	Non	Iniciouse no curso 2022-2023 Engadese ás accións de mellora nesta memoria como continuación
AM5	Descoñecemento da profesión de enfermería, a cal repercute na demanda da titulación como primeira opción	Directriz 3	- Equipo Decanal	Maio 2023	Xullo 2023	Si	Información engadida na memoria
AM6	Reposición das xubilacións do PDI e estabilización do profesorado	Directriz 4	- Equipo Decanal - Coordinador Área - Vicerreitoría de profesorado	Setembro 2022	Setembro 2023	Si	Información engadida na memoria
AM7	Falta de persoal técnico para as prácticas de laboratorio	Directriz 4	- Equipo Decanal	Setembro 2022	Setembro 2023	Si	Información engadida na memoria
AM8	Mellora dos espazos (Infraestruturas e dotación de equipamento)	Directriz 5	- Equipo Decanal - Área de infraestruturas - Área TIC	Setembro 2022	Setembro 2023	Si	Información engadida na memoria
AM9	Necesidade de actualizar a información sobre o centro na web da USC	Directriz 6	- PAS - Responsable de Calidade	Setembro 2022	Prevista para Decembro 2024	Non	Iniciouse no curso 2022-2023 Engadese ás accións de mellora nesta memoria como continuación
AM10	Elaboración de contido específico sobre as titulacións do centro	Directriz 6	- Coordinadores de master	Setembro 2022	Prevista para Decembro 2024	Non	Non se iniciou no curso 2022-2023. Contéplase como unha nova acción de mellora para o curso 2023-2024
AM11	Revisión dos manuais de Calidade do Centro	Directriz 1	- Equipo Decanal	Setembro 2022	Prevista para Febreiro de 2024	Non	Iniciouse no curso 2022-2023 Engadese ás accións de mellora nesta memoria como continuación

Plan de mellora. Accións de mellora e consecución de obxectivos curso 2022-2023

Táboa 2. Cumprimento das accións de mellora propostas para o curso 2021-2022

Obxectivo (Proceso clave relacionado)	Acción de mellora relacionada (descripción)	Actividade(s) vinculada(s) á acción de mellora	Resultados dos indicadores de medición	Comentarios	Curso 2022/2023
Mellora dos programas formativos (MC-06)	AM1 (Adaptación da titulación de Grao en Enfermería ao novo plan de Estudos)	- Coordinación horizontal e vertical para a implementación do primeiro curso do Grao en Enfermería	- IN46G (3ªed): 3.88 - IN47G (3ªed): 4.17	Os resultados dos indicadores non reflexan unha melloría neste aspecto	- É preciso reforzar este aspecto
Modificación da normativa do TFG/TFG (MC-07)	AM3 (Necesidade de actualización da normativa do TFG do Grao en Enfermería) AM4 (Necesidade de actualización da normativa do TFM do Máster Universitario en Xerontoloxía)	- Elaboración da normativa	-	Non valorable ao atoparse en proceso	- Continuar acción de mellora
Mellorar a información das titulacións do centro (MC-11)	- AM9 (Necesidade de actualizar a información sobre o centro na web da USC) - AM10 (Elaboración de contido específico sobre as titulacións do centro) - AM11 (Revisión dos manuais de Calidade do Centro)	- Actualización da información na web - Revisión e actualización dos manuais de Calidade do Centro	-	Non valorable ao atoparse en proceso. Os indicadores propostos na memoria 2021-2022 para a valoración da consecución dos obxectivos non son os correctos	- Continuar acción de mellora - Redefinir os indicadores de medición e meta a conseguir
Mellora da participación do alumnado nas enquisas (PM-01 e PM-03)	AM2 (Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción)	- Información sobre as enquisas na xornadas de benvinda do alumnado de 1º curso do Grao en Enfermería	- IN48G (3ªed): 21.3%	Observamos un aumento da participación en 1º curso do Grao en Enfermería maior do 5% con respecto á memoria 2021-2022 (13.37% no curso anterior) pero no resto dos cursos académicos continua sendo moi baixo (5.71%)	- Continuar acción de mellora - Manter a información nas xornadas de benvinda e establecer mecanismos para chegar ao resto do alumnado de Grao
Mellora da calidade dos recursos humanos (PS-01)	AM6 (Reposición das xubilacións do PDI e estabilización do profesorado) AM7 (Falta de persoal técnico para as prácticas de laboratorio)	- Estabilización de profesorado a permanente - Reposición das xubilacións con profesorado a tempo completo - Técnico para as prácticas de laboratorio	- IN24G: 73.91%	- A estabilización do profesorado e a incorporación de figuras que poden acceder aos sexenios de investigación supuxo unha melloría do porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total	- Continuar acción de mellora centrada no PDI
Mellora da calidade dos materiais e servizos (PS-02)	AM8 (Mellora dos espazos)	- Adquisición de equipamentos (Informáticos, audiovisuais e laboratorio) - Mellora das aulas para a docencia a sala polivalente	- IN46G: 4.04 - IN47G: 4.31 - IN47M-MUXSXC: 4.46	- Non se aprecia o beneficio esperado sobre os indicadores. A baixa resposta do alumnado e que algunha das melloras nos espazos aínda non se completaron poderían ser as causas de que non observemos unha clara melloría na satisfacción do alumnado e profesorado	- Continuar acción de mellora
Aumentar o número de alumnado que escolle enfermería como primeira opción (PC-04)	AM5 (Descoñecemento da profesión de enfermería, a cal repercute na demanda da titulación como primeira opción)	- Xornadas do 12 de maio de 2023 polo día internacional da Enfermería - VI Xornadas sobre saídas profesionais - Actividades vinculadas a materias do plan de estudos mediante proxectos de aprendizaxe e servizo	- ING10: 34.67	- No curso 2022-2023 observamos un aumento da relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (24.0 en 2021-2022, 34.67 en 2022-2023)	- Continuar acción de mellora

Durante o curso 2022-2023 iniciáronse tódalas accións de mellora propostas excepto unha (AM-10) a cal se engade como actividade para o curso 2023-2024. Aquelas accións de mellora que non se puideron completar daráselle continuidade nos vindeiros cursos académicos.

1.5 Análise da satisfacción

Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción dos grupos de interese

Algúns dos indicadores relacionados co satisfacción dos diferentes grupos de interese débense interpretar con certa cautela. Detéctase repetidamente que os cuestionarios son respostados por un porcentaxe moi baixo de participantes fronte ao número total do grupo. No noso centro pode deberse principalmente ao elevado no de profesores por materia. Isto fai que o alumnado deba cubrir elevado número de enquisas con preguntas similares. Na Facultade informase e animase a os grupos de interese a cubrir as enquisas sen acadar os resultados de participación esperados. Futuras accións de mellora poden estar destinadas á concienciación do alumnado neste aspecto e/ou a simplificar o proceso de recollida.

Suxestións e reclamacións

O procedemento de suxestións e reclamacións é conforme ao establecido na memoria e réxese pola Normativa xeral da Universidade, que establece 3 canles de recepción:

- A través da Oficina de Análise de Reclamacións
- A través do Valedor da Comunidade Universitaria
- A través do Decanato

A Facultade, coa finalidade de facilitar a comunicación de suxestións e reclamacións, estableceron na páxina web do centro un apartado específico para o envío das mesmas.

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/dereitos>

No curso 2022/2023, presentáronse as seguintes reclamación na Facultade de Santiago de Compostela:

Táboa 03. Reclamacións Facultade Enfermería de Santiago de Compostela

Asunto	Resolución
Reclamación colaboración docente	Desestimada
Asignación destino Prácticas Clínicas a alumnado de intercambio	Desestimada
Reclamación de dereito a exame sen asistencia a docencia expositiva	Desestimada
Asignación de espazos para docencia	Admitida parcialmente

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

2.1 Adecuación de procedementos

Como se comentou anteriormente, o 23 de xullo de 2021 o Consello de Goberno na sesión ordinaria aprobou a modificación substancial do Grao en Enfermería para a súa implantación no curso 2022/2023. Esta modificación na Memoria do Grao e o seu seguimento pola Comisión de Calidade do Centro afectará á actividade académica do centro nos próximos anos ata a posta en marcha en tódolos cursos do Grao e comprenderá adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos. A posta en marcha do novo plan de estudos será un dos obxectivos do centro relacionado coa “Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos”

Existen diferentes mecanismos de coordinación que permiten o deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción dos programas formativos. Esta coordinación realízase mediante as accións desenvolvidas de forma sinérxica polas diferentes comisión e grupos de traballo do centro establecéndose reunións periódicas e/ou extraordinarias en funcións das necesidades. Esta coordinación toma aínda máis relevancia na titulación do Grao en Enfermería e no Máster Universitario en Xerontoloxía ao tratarse de estudos de carácter intercampus e interuniversitario respectivamente.

2.2 Memorias verificadas dos títulos

- Grao en enfermería. [Acceso á memoria do título](#)
- Máster Universitario en Xerontoloxía (interuniversitario). [Acceso á memoria do título](#)
- Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (especialidade Clínica/Xestión). [Acceso á memoria do título](#)

Anualmente, a Comisión do Título e a Comisión de Calidade, a través, principalmente da elaboración do informe de seguimento e a Memoria de Calidade, analiza os resultados do título e compáraos co establecido na Memoria. Establece as Accións de Mellora que tratan de corrixir as diverxencias detectadas. Periodicamente teñen lugar reunións para analizar o grao de execución das Accións de Mellora. A avaliación e mellora da calidade lévase a cabo principalmente, a través da análise das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e coas taxas de rendemento, éxito e avaliación globais e particulares de cada materia. [Acceso á documentación](#)

En relación ao ciclo de garantía externa das titulacións, en especial ao seu seguimento, cabe sinalar que os plans de estudos que corresponden ao títulos de grao e aos títulos de Máster arriba mencionados, veñen desenvolvéndose conforme ao previsto, seguindo a oferta de módulos e materias contemplada previamente na memoria verificada correspondente. Non obstante, as comisións responsables en materia académica de Grao e Máster, advirten da necesidade de acometer modificacións nas

memorias verificadas dos títulos de Grado en enfermmería e Máster Universitario en Xerontoloxía (interuniversitario), de cara a actualizar e mellorar os indicadores de resultados, e a mellorar e a actualizar materias, en resposta ás transformacións do ámbito laboral e social. Por todo o anterior, promóvese dende 2019 polo equipo Decanal do centro e coordinadores destes títulos, a revisión e actualización das citadas memorias de verificación vixentes, proceso ó que xa se fixo referencia nesta memoria.

Modificacións da Memoria do Título de **Grao en Enfermería**:

- Converter en cuatrimestrais as materias que actualmente teñen carácter anual. A realización de materias anuais actualmente dificulta en gran medida a realización de programas de mobilidade de medio curso de duración, ademais tres delas teñen unha elevada carga docente (12 ECTS), e o cambio a materias cuatrimestrais melloraría a súa xestión.
- Ampliar a oferta de materias optativas ao tempo que se reducen os créditos actuais de cada unha delas, de xeito que o alumnado poida acceder a unha variedade mais ampla de contidos.
- Reubicación dalgunhas materias en cursos diferentes, valorando a necesidade de coñecementos previos tanto teóricos como a experiencia en prácticas hospitalarias.
- Eliminar posibles duplicidades nos contidos de diferentes materias.
- Implantar novos contidos ou ampliar os actuais, por exemplo: novas tecnoloxías, investigación, multiculturalidade, xénero ou comunicación.

O **Máster Universitario en Xerontoloxía** ven a dar resposta a esa necesidade de formación non só profesionalizante e académica, senón tamén de investigación. Neste sentido, continúa manténdose o interese académico e profesional do Título. Con todo, é preciso mellorar algúns aspectos seguindo as indicacións da ACSUG . Para iso, desde a Comisión Interuniversitaria presentouse unha proposta de modificación do plan de estudos co obxectivo de presentar unha formación máis actualizada ás demandas sociais e incorporando avances científicos e tecnolóxicos. Estas modificacións implantáronse no curso 2021-2022. Durante o curso académico 2021-2022, do mesmo xeito que en cursos anteriores, no **Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (especialidade en Clínica/Xestión)** realizouse unha actualización dos contidos das distintas materias, tanto en materias do módulo común como nas da especialidade clínica ou de xestión.

O Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro actualiza certos aspectos básicos da ordenación dos ensinos universitarios e do seu sistema de aseguramento da calidade. O RD adscribe os títulos de grao e máster a determinados ámbitos de coñecemento, no lugar de facelo a ramas de coñecemento. No curso 2022-2023 realizáronse as adscricións ás ramas de coñecemento correspondentes.

2.3 Guías docentes das materias

En aplicación do disposto na Planificación das Ensinanzas, todas as materias impartidas nos títulos teñen asignado un coordinador responsable da programación docente. Esta programación realízase seguindo o modelo da guía docente que, a nivel institucional, ven adoitando a Universidade de Santiago de Compostela e que, no caso dos nosos títulos, inclúe a seguinte información:

Grao en Enfermería.

[Acceso aos programas das materias](#)

[Acceso aos programas das materias \(3ªed\)](#)

Máster Universitario en Xerontoloxía (interuniversitario). [Acceso aos programas das materias](#)

Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (especialidade Clínica/Xestión). [Acceso aos programas das materias](#)

Como se pode observar, as guías docentes contemplan unha exposición dos obxectivos e contidos da materia, características da materia en canto a número de créditos, distribución teórico-práctica, actividades formativas, competencias, metodoloxía docente, sistema de avaliación da aprendizaxe, tempo de dedicación estimado, bibliografía e fontes de referencia, recomendacións e observacións de interese para o alumnado.

As comisións de título de grao e másteres, supervisan a programación docente de cada materia, aconsellando no seu caso modificacións das guías docentes destinadas a desenvolverse no curso entrante. Os coordinadores dos títulos trasladan á

comisión correspondente os resultados da supervisión dos programas formativos e da aplicación dos sistemas de avaliación, asistidos polos coordinadores de curso e polos delegados de curso do estudiantado da titulación. No caso dos estudos de Máster, é o representante do alumnado na comisión quen realiza o labor equivalente aos delegados de curso.

Unha vez realizada a planificación docente, a Decana, traslada á comisión de calidade as incidencias xurdidas durante este proceso e, de ser o caso, as propostas de mellora a incorporar no plan anual de melloras. Finalmente, as programacións das distintas materias son aprobadas en Xunta da Facultade.

2.4 Análise do perfil real de ingreso/egreso por centros

Prazas ofertadas

Táboa 04. Prazas ofertadas

Código	IN01C
Nome	Prazas ofertadas
Procedemento de Cálculo	Número de prazas ofertadas para cada curso académico. Achega información sobre a evolución da oferta de prazas asociada a ese título, para a reflexión sobre o proceso de captación de estudantes na USC.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermaría (3ªed) [S]	-	-	-	-	-	150,00
Grao en Enfermaría [S]	150,00	150,00	150,00	150,00	150,00	0,00
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	30,00	30,00	30,00	30,00	30,00	30,00
Máster Universitario en Xerontoloxía	47,00	47,00	47,00	47,00	0,00	0,00
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	20,00	20,00
Total	227,00	227,00	227,00	227,00	200,00	200,00

Matricula

Táboa 05. Matricula

Código	IN02C
Nome	Matricula
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes matriculados nun curso académico sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade incoming. Inclúe o alumnado de todos os cursos que se imparten no título.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermaría (3ªed)	-	-	-	-	-	169,00
Grao en Enfermaría	571,00	565,00	569,00	569,00	584,00	371,00
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	32,00	31,00	37,00	41,00	29,00	31,00
Máster Universitario en Xerontoloxía	31,00	21,00	17,00	25,00	13,00	1,00
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	17,00	23,00
Total	634,00	617,00	623,00	635,00	643,00	595,00

Matricula de acceso

Táboa 06. Matricula de acceso

Código	IN03C
Nome	Matricula de acceso
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Inclúe ao alumnado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermaría (3ªed) [S]	-	-	-	-	-	169,00
Grao en Enfermaría [S]	183,00	174,00	183,00	176,00	180,00	0,00
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	29,00	28,00	29,00	30,00	22,00	22,00
Máster Universitario en Xerontoloxía	12,00	6,00	9,00	14,00	0,00	0,00
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	17,00	19,00
Total	224,00	208,00	221,00	220,00	219,00	210,00

Matrícula de novo ingreso por preinscrición

Táboa 07. Matrícula de novo ingreso por preinscrición

Código	IN04C
Nome	Matrícula de novo ingreso por preinscrición
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermaría (3ªed) [S]	-	-	-	-	-	169,00
Grao en Enfermaría [S]	166,00	162,00	168,00	159,00	167,00	0,00
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	29,00	28,00	29,00	30,00	22,00	22,00
Máster Universitario en Xerontoloxía	12,00	6,00	9,00	14,00	0,00	0,00
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	17,00	19,00
Total	207,00	196,00	206,00	203,00	206,00	210,00

Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición

Táboa 08. Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición

Código	IN05C
Nome	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición
Procedemento de Cálculo	Taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso por preinscrición. Amosa as variacións na matrícula de novo ingreso por preinscrición en relación co curso académico anterior.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Grao en Enfermaría [S]	-2,44	3,75	-2,41	3,70	-5,36	5,03
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	-3,33	0,00	-3,45	3,57	3,45	-26,67
Máster Universitario en Xerontoloxía	58,33	-36,84	-50,00	50,00	55,56	-100,00
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	-	-
Total	0,97	-0,48	-5,31	5,10	-1,46	-6,90

Nota media de acceso por preinscrición

Táboa 09. Nota media de acceso por preinscrición

Código	IN06C
Nome	Nota media de acceso por preinscrición
Procedemento de Cálculo	Nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician estudos. Determina o perfil de entrada, informando sobre a nota media de acceso ao título.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermaría (3ªed) [S]	-	-	-	-	-	12,42
Grao en Enfermaría [S]	11,42	11,53	11,84	12,20	12,62	-
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	8,09	7,83	7,82	7,95	8,08	7,71
Máster Universitario en Xerontoloxía	7,73	7,46	7,64	7,34	-	-
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	7,69	8,02
Total	10,69	10,85	11,11	11,26	11,81	11,68

Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas

Táboa 10. Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas

Código	IN10C
Nome	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez dividido entre as prazas ofertadas. Este indicador só se proporciona para titulacións de Grao. Proporciona información sobre a captación de alumnos.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermaría (3ªed)	-	-	-	-	-	34,67
Grao en Enfermaría	35,33	34,00	32,67	30,00	24,00	-


Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados

Táboa 11. Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados

Código	IN08C
Nome	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming. Amosa información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermaría (3ªed) [S]	-	-	-	-	-	1,18
Grao en Enfermaría [S]	1,05	0,88	0,88	1,41	1,03	1,35
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	0,00	0,00	5,41	4,88	0,00	6,45
Máster Universitario en Xerontoloxía	0,00	0,00	5,88	4,00	7,69	0,00
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	29,41	8,70
Total	0,95	0,81	1,28	1,73	1,87	1,85

Figura 1. Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.



Fonte: 5057 Informe de indicadores 2022-23 USC

Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados

Táboa 12. Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados

Código	IN09C
Nome	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming. Amosa información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermaría (3ªed) [S]	-	-	-	-	-	11,24
Grao en Enfermaría [S]	5,08	4,96	5,27	5,62	5,31	5,39
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	9,38	9,68	16,22	9,76	6,90	0,00
Máster Universitario en Xerontoloxía	3,23	14,29	5,88	8,00	15,38	0,00
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	5,88	0,00
Total	5,21	5,51	5,94	5,98	5,60	6,55

Existe unha alta demanda para cursar o grao de enfermaría na USC e unha matrícula superior ás prazas ofertadas, isto tamén causa que a nota media de acceso sexa elevada (superior a 12 nos últimos 3 cursos académicos) . Dende o punto de vista académico e profesional, o interese pódese evidenciar, principalmente, pola demanda do título polo sector público e privado e o seu interese para a sociedade. O grao de Enfermaría atópase entre as titulacións máis demandadas da USC, esgotándose na primeira convocatoria (xullo) tódalas prazas ofertadas.

Neste curso académico observamos un aumento na relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez

sobre as prazas ofertadas (IN10C). Aínda que o valor segue sendo baixo esperamos que a acción de mellora levada a cabo neste curso (AM5), xunto con actividades futuras destinadas a coñecer mellor a titulación e a visibilización da profesión, contribúan na mellora deste indicador.

Durante o curso 2022-2023 o centro organizou actividades específicas vinculadas ao Grao en Enfermería destinadas a visibilizar a titulación e a profesión, optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe, adquisición de competencias profesionais e o reforzo do compromiso cívico-social coa comunidade:

- **Xornadas do 12 de maio de 2023 polo día internacional da Enfermería.** Co obxectivo de visibilizar a profesión realizouse un cribado de saúde, educación para a saúde e unha enquisa sobre os coñecementos da poboación sobre a profesión Enfermeira no Campus Sur de Santiago de Compostela, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e no Centro de Saúde Concepción Arenal. Mais de 130 alumnos/as de 1º do Grao de Enfermería da Facultade de Santiago de Compostela participaron nesta actividade realizando os procedementos mencionados e a enquisa a 350 persoas.
- **VI Xornadas sobre saídas profesionais.** Xornada de orientación laboral e académica de Posgrao para os alumnos de cuarto curso onde se tratan temas como a Inserción Laboral no Ámbito público; Axudas para actividades de Posgrao na USC; Especialidades e Ofertas de Emprego de Centro Privados e no estranxeiro.
- **Actividades vinculadas a materias do plan de estudos (táboa 13)**

Táboa 13. Actividades vinculadas a materias do plan de estudos

Materia vinculada	Período na que se realizou	Participantes	Breve descripción
Ciencias Psicosociales Aplicadas	Segundo cuatrimestre	Alumnado de 1º curso (n=9)	Actividades INTERxeracionais para o Desenvolvemento de Competencias DIXITAIS dos Adultos Maiores do Ensanche de Compostela-INTERDIXITAIS. Proxecto de aprendizaxe e servizo (APS) en colaboración con Acción Solidaria de Galicia (ASDEGAL) e coa Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzheimer (AGADEA) Obxectivos: 1) Promover competencias dixitais nas persoas maiores 2) Promover un estilo de vida activo e participativo nas persoas maiores 3) Contribuír ó enriquecemento do tecido social comunitario 4) Traballar aspectos relacionados coa saúde dixital/ e-saúde de especial impacto nas persoas maiores. 5) Prever o envellecedo e promover unha perspectiva do ciclo vital que sirva para entender e despatoloxizar os cambios ó longo da idade e da velez 6) Promover o desenvolvemento da pedagogía xerontolóxica e da enfermía xerátrica a través da sensibilización do alumnado das facultades

Con respecto aos estudos de Máster mantense a melloría na Matrícula do Máster en Xerontoloxía con unha diminución do estudiantado estranxeiro con respecto ao curso anterior (Figura 1), a pesar de isto segue sendo a titulación do centro con un maior porcentaxe de estudiantado estranxeiro sobre os matriculados. A Memoria do Título do **Máster Universitario en Xerontoloxía** establece un perfil preferente de acceso en función da especialidade que curse o estudante. Así para Xerontoloxía Clínica (UDC) o perfil de acceso é *“titulados de grao afín ás Ciencias da Saúde (medicina, psicoloxía, terapia ocupacional, enfermía, fisioterapia ou logopedia) e do ámbito social (socioloxía, psicoloxía, psicopedagogía, traballo social e educación social)”*. En canto, á especialidade en Xerontoloxía Social a preferencia será a afinidade ás Ciencias Sociais e/o Xurídicas, e, en segundo lugar, ás Ciencias da Saúde.

O perfil obtido polo alumnado que cursa o **Máster Universitario en Xerontoloxía** capacítalo para competencias a desenvolver en centros asistenciais, levando a cabo tarefas de coordinación e xestión de recursos; en concellos, mediante a elaboración e seguimento de diferentes programas asistenciais; ademais, capacítalo para desenvolver tarefas de atención e coidar de maiores.

No campo da atención sanitaria (residencias de maiores, centros de día...) pode actuar como coordinador e xestor de recursos do maior, atendendo ás necesidades e capacidades do mesmo. No campo da atención social, e en especial nos concellos, pode traballar como profesional encargado de coñecer as necesidades presentes e futuras do maior e do seu contorno (familia, coidadores, adaptación ao fogar...) co fin de poñer en marcha as medidas necesarias para paliar estas necesidades. Estará capacitado para a planificación, coordinación, desenvolvemento e validación dos diversos programas asistenciais.

Así mesmo, ao finalizar o Máster, o alumno estará capacitado para formar profesionais que se dediquen á atención ao maior, a calquera nivel, pero coa especial dedicación aos profesionais de atención básica (auxiliares e coidadores).

A Captación de estudantes para os estudos do **Máster Universitario en Xerontoloxía** lévase a cabo mediante:

- Captación de alumnado estranxeiro, promovido polo Servizo de captación internacional e a Vicerreitoría de Titulacións da USC.
- Captación de alumnado doutras titulacións de Grao por diferentes medios promovidos pola USC e a UDC

Os mecanismos de captación citados poden influír favorablemente en base á porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (táboa 11 e Figura 01).

Con respecto ao **Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados** mantense a coherencia reflectida en informes previos entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do alumnado matriculado no título, que ten o título de Diplomado/a, Graduado/a ou ben dun título estranxeiro dunha institución de educación superior.

No curso 2022-2023 o alumnado matriculado tiña cursado a Diplomatura ou o Grao de Enfermería ou a Licenciatura de Medicina (sendo maioritaria a titulación de Grao de Enfermería).

A Captación de estudantes para os estudos do Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados lévase a cabo mediante:

- Captación de alumnado estranxeiro, promovido polo Servizo de captación internacional e a Vicerreitoría de Titulacións da USC.
- Captación de alumnado do Grado de Enfermería por diferentes medios (a través da coordinadora do máster, de xornadas de información organizadas pola USC, etc.)

2.5 Satisfacción da Titulación

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Grao de Enfermería

Táboa 14. Resultados das enquisas de satisfacción aos grupo de interese, satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Código indicador	Nome indicador	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN46G*	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3ªed)	-	-	-	-	-	3.88
	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3.57	3.93	3.91	4.32	4.28	4.04

*Características do indicador: Valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que reciben.
3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

Máster Universitario en Xerontoloxía

Táboa 15. Resultados das enquisas de satisfacción aos grupo de interese, satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Código indicador	Nome indicador	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN46M*	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3.87	5.0	4.18	3.99	-	-

*Características do indicador: Valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que reciben.

Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados

Táboa 16. Resultados das enquisas de satisfacción aos grupo de interese, satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Código indicador	Nome indicador	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN46M*	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3.43	4.73	4.38	3.71	4.23	-

*Características do indicador: Valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que reciben.

Taxa de resposta

Grao de Enfermería

Táboa 17. Resultados das enquisas de satisfacción aos grupo de interese, taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Código indicador	Nome indicador	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN48G*	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3ªed)	-	-	-	-	-	21.03
	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	38.48	31.31	21.92	21.06	13.37	5.71

*Características do indicador: Porcentaxe de resposta na enquisa de satisfacción por parte do alumnado. Permite analizar o peso relativo da valoración acadada no indicador IN46.

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

A interpretación da valoración da satisfacción do alumnado coa docencia recibida é difícil, os datos correspondentes ao curso 2022-23 está divididos en función dos plans de estudos, polo que non se poden comparar. Por outra banda, a baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción tamén dificulta a valoración dos resultados. O centro está traballando en accións de mellora que impacten positivamente neste indicador.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida

Grao de Enfermería

Táboa 18. Resultados das enquisas de satisfacción aos grupo de interese, satisfacción do profesorado coa docencia impartida

Código indicador	Nome indicador	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2022-23	2022-23
IN47G*	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (3ªed)	-	-	-	-	-	4.17
	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3.83	4.16	3.77	3.91	4.26	4.31

*Características do indicador: Valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que imparten.

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

Máster Universitario en Xerontoloxía

Táboa 19. Resultados das enquisas de satisfacción aos grupo de interese, satisfacción do profesorado coa docencia impartida

Código indicador	Nome indicador	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN47M*	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	4.24	4.35	4.31	4.23	-	-

*Características do indicador: Valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que imparten.

Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados

Táboa 20. Resultados das enquisas de satisfacción aos grupo de interese, satisfacción do profesorado coa docencia impartida

Código indicador	Nome indicador	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN47M*	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	4.03	4.38	4.31	4.1	4.44	4.40

*Características do indicador: Valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que imparten.

Mantéñense os valores por encima dos 4 puntos. Nos próximos cursos poderemos analizar como a implementación do novo plan de estudos se reflexa neste indicador.

Satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade

Grao de Enfermería

Táboa 21. Resultados das enquisas de satisfacción aos grupo de interese, satisfacción dos estudantes saíntes e entrantes cos programas de mobilidade

Código indicador	Nome indicador	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN15G*	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	2.87	4.5	-	4.51	4.0	3.38
IN16C**	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	-	4.44	-	4.20	5.0	3.43

*Características do indicador: Valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes e entrantes cos programas de mobilidade. Achega información sobre a xestión dos programas de mobilidade para ese título.

**Características do indicador: Valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade. Achega información sobre a xestión dos programas de mobilidade para ese centro.

O grao de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade diminuíron con respecto ao curso 2020-2021 pero seguen sendo mellores que nos cursos 2017-2018. A satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade

disminuiu con respecto ao curso anterior.

Na Facultade de Santiago séguese aumentando o número de convenios con outras universidades, tanto a nivel nacional como internacional, e parece que os nosos programas formativos resultan de interese para os estudantes de fora, polo que se espera unha recuperación neste senso.

2.6 Aprendizaxe dos titulados

Graduación

Táboa 22. Taxa de graduación

Código	IN37CG
Nome	Taxa de graduación
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermaría	68,06	69,13	58,16	52,67	62,50	63,12

Código	IN37CM
Nome	Taxa de graduación
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	82,76	93,10	92,86	86,21	83,33	72,73
Máster Universitario en Xerontoloxía	83,33	73,68	75,00	83,33	88,89	78,57
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	-	52,94
Total	82,93	85,42	87,50	85,71	84,62	67,92

Táboa 23. Duración media dos estudos

Código	IN38CG
Nome	Duración media dos estudos
Procedemento de Cálculo	Duración media (en anos) na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos. Amonsa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermaría	4,08	4,21	4,15	4,14	4,13	4,08

Código	IN38CM
Nome	Duración media dos estudos
Procedemento de Cálculo	Duración media (en anos) na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos. Amonsa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	1,04	1,20	1,26	1,23	1,13	1,38
Máster Universitario en Xerontoloxía	2,27	2,11	2,43	2,00	2,08	-
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	1,00	1,11
Total	1,48	1,44	1,50	1,39	1,44	1,23

Abandono

Táboa 24. Taxa de abandono RD 1393/2007

Código	IN40CG
Nome	Taxa de abandono RD 1393/2007
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermaría	30,56	26,17	39,72	43,51	34,72	34,75

Código	IN41CM
Nome	Taxa de abandono RD 1393/2007
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	10,34	6,90	0,00	3,45	10,00	13,64
Máster Universitario en Xerontoloxía	0,00	10,53	8,33	16,67	0,00	7,14
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	-	35,29
Total	7,32	8,33	2,50	5,71	7,69	30,41

Táboa 25. Taxa de abandono durante o primeiro curso

Código	IN41CG
Nome	Taxa de abandono durante o primeiro curso
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermería	36,17	41,98	31,25	32,62	34,93	23,31

Eficiencia

Táboa 26. Taxa de eficiencia

Código	IN53CG
Nome	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermería	96,41	94,89	94,12	95,97	96,19	97,36

Código	IN53CM
Nome	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	99,57	97,70	96,12	97,14	98,25	93,71
Máster Universitario en Xerontoloxía	96,78	99,26	87,50	100,00	97,91	-
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	100,00	97,94
Total	98,28	98,24	93,53	97,94	98,40	95,97

Rendemento

Táboa 27. Taxa de rendemento

Código	IN34CG
Nome	Taxa de rendemento
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermería (3ªed)	-	-	-	-	-	86,17
Grao en Enfermería	92,28	91,46	94,65	92,10	92,29	97,39

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

Código	IN34CM
Nome	Taxa de rendemento
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	93,56	97,27	96,32	93,50	85,54	80,19
Máster Universitario en Xerontoloxía	90,96	74,42	92,97	86,86	94,62	50,00
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	72,01	92,66
Total	92,46	90,09	95,33	90,99	82,36	85,55

Éxito

Táboa 28. Taxa de éxito

Código	IN35CG
Nome	Taxa de éxito
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermería (3ª ed)	-	-	-	-	-	91,99
Grao en Enfermería	97,27	96,60	98,85	95,93	97,78	99,54

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

Código	IN35CM
Nome	Taxa de éxito
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	100,00	99,76	99,89	99,89	99,51	96,38
Máster Universitario en Xerontoloxía	100,00	97,96	99,17	100,00	98,40	100,00
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	96,59	99,64
Total	100,00	99,28	99,68	99,93	98,46	97,99

Avaliación

Táboa 29. Taxa de avaliación

Código	IN36CG
Nome	Taxa de avaliación
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en Enfermería (3ª ed)	-	-	-	-	-	93,68
Grao en Enfermería	94,88	94,68	95,76	96,00	94,39	97,84

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

Código	IN36CM
Nome	Taxa de avaliación
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	93,56	97,51	96,43	93,60	85,96	83,20
Máster Universitario en Xerontoloxía	90,96	75,97	93,75	86,86	96,15	50,00
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	-	-	74,56	92,99
Total	92,46	90,74	95,64	91,06	83,64	87,30

2.7 Análise de resultados

Grao en Enfermería

A demanda da titulación é elevada, existindo un importante número de solicitudes en. Sen embargo, observamos una relación media de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas nos últimos 6 cursos académicos de 31,67 (Media calculada a través do indicador IN10C, táboa 10). Estos datos mostran que existe un porcentaxe elevado de alumnado matriculado por primeira vez no cal a titulación de Grao en Enfermería non foi a primeira opción. Este dato tamén se reflexa na taxa de abandono durante o primeiro curso (IN41CG, táboa 25). Aínda que este indicador diminuíu con respecto ao curso anterior, o centro segue realizando accións de mellora para que exista un maior coñecemento sobre os estudos de Grao en Enfermería e unha maior visibilización da profesión.

No Grao de Enfermería da Facultade de Santiago de Compostela observamos nos últimos cursos académicos unha matrícula de acceso e matrícula de novo ingreso por preinscripción (táboas 06 e 07) maior que as prazas ofertadas (Táboa 3). Tendo en conta os recursos do centro (espazos e PDI) este feito dificulta a organización docente do 1º curso do Grao en Enfermería.

A satisfacción do alumnado coa docencia non é valorable tendo en conta que a información está en función do plan de estudos e que a taxa de resposta do alumnado é moi baixa, especialmente a correspondente aos cursos de 2º, 3º e 4º. A satisfacción do profesorado coa docencia impartida no grado de enfermmería, no curso 2022/2023, no Grao de Enfermería mantense por encima dos 4 puntos.

A taxa de graduación é de 63.12% (moi similar á media da USC, 61.27%), tendo en conta que as taxas de eficiencia, rendemento, éxito e avaliación son mellores que a media da USC é posible que este valor se encontre influenciado polo Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (táboa 10)

Máster Universitario en Xerontoloxía

No Máster Universitario en Xerontoloxía, tendo en conta os resultados correspondentes á 3ª edición, os indicadores de éxito e graduación son moi similares á media da USC para as titulacións de Máster. Con respecto ás taxas de abandono (táboa 24), rendemento (táboa 25) e avaliación (táboa 29) estas son mais altas que a media da USC. Entendemos que estes datos están influenciados polo perfil de ingreso do Máster, que se corresponde cun estudantado cun bo expediente académico nos estudos de Grao e con un interés polo eido da Xerontoloxía e que cursaron titulacións con perfil sociosanitario as cales presentan actualmente unha alta demanda profesional.

Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida é de 4.40 sobre 5, moi similar ao do curso anterior (4.44). Entendemos que o resultado de este indicador é moi satisfactorio.

A taxa de éxito é moi similar á media da USC. Sen embargo, con respecto á taxas de graduación (táboa 22), rendemento (táboa 27) e avaliación (táboa 29) os valores atópanse por debaixo da media da USC e taxa de abandono é mais alta. Ditos aspectos poden ser debidos a que a maioría do alumnado ten traballo no ámbito asistencial. Existen casos nos que o alumnado deixa durante un o dous anos os estudos de Máster para reincorporarse despois e finalizar. O perfil do alumnado que cursa este Máster pode ter efecto nalgúns destes indicadores, ao ser a maioría Graduado/Diplomado en Enfermería, a ante a alta demanda de profesionais da enfermmería no sector público e privado algún alumnado abandona os estudos para incorporarse ao mercado laboral.

2.7 Inserción laboral

Grao en Enfermería

Non temos datos actualizados, pero a demanda dos nosos titulados é evidente polas numerosas ofertas de traballo que chegan a Facultade de institucións privadas, e a inserción laboral en institucións públicas e privadas.

Nos datos sobre a inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2014-2015 (táboa 30) observamos que os Graduados de Enfermería do SUG e en concreto os dos centros da Universidade de Santiago de Compostela (Santiago e Lugo):

- Presentan unha empregabilidade maior que a media do SUG, principalmente por conta allea aínda que o tipo de contrato eventual é maior que o da media de titulados universitarios de Galicia.
- No ámbito laboral as funcións que desenvolven son de nivel universitario e específicas da titulación, estes están por enriba da media do SUG e reforzan a necesidade de garantir a adquisición de competencias do alumnado durante os estudos de grao.

Táboa 30. EIL1314: Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014

2014-2015 EIL1314	Grao en Enfermería			Rama de coñecemento de ciencias da Saúde do SUG	Sistema Universitario de Galicia
	Campus	Lugo	Santiago		
	Poboación	54	142	1633	8403
	Mostra	31	58	771	5132
P62: Traballa actualmente		91%	81%	86%	79,59%
P6: Titulación cursada elixida como primeira opción		84%	51,92%	74,89%	75,02%

P30: Tempo (en meses) que tardou en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación desde que rematou		9,74	11,56	7,79	10,42
P70: Tipo de contrato	Indefinido	72%	57%	63%	63%
	Eventual	16%	36%	29%	28%
	En prácticas	4%	2%	2%	1%
	Bolsa	4%	0%	1%	1%
	Outros	4%	5%	5%	7%
Non teño contrato		0%	0%	0%	0%
P73: Salario neto mensual (euros)	MEDIA	1638,89	1511,36	1535,09	1518,40
	Mulleres	1607,14	1535,71	1541,87	1520,70
	Homes	1750,00	1416,67	1538,19	1516,37
P74: Desenvolve funcións de nivel universitario		85%	98%	83%	82%
P96: Volvería a cursar estudos universitarios		84%	90%	85%	87%
P97: Volvería a cursar a súa titulación		77%	67%	78%	79%
P98: Volvería a cursar a súa titulación na mesma universidade		85%	80%	87%	90%

Máster Universitario en Xerontoloxía e Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados

Ambas titulacións presentan unha boa empregabilidade no sector público e privado, tanto polas titulacións de grao coas acceden aos estudos como polos estudos de Máster.

Táboa 31. Inserción laboral estudos de posgrao

Organizo e estrutura ben as miñas clases?	4.36	N/A	N/A	4.79	4.90
Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia?	4.50	N/A	N/A	4.93	5.00
Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías?	4.93	N/A	N/A	5.00	5.00
Manteño un trato correcto cos estudantes?	4.93	N/A	N/A	5.00	5.00
Estou satisfeita/o coa titorización do TFG/TFM	3.86	N/A	N/A	4.50	3.88
En xeral, estou satisfeita/o coa miña labor docente?	4.43	N/A	N/A	4.79	4.80

Fonte: INF14 - Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida

Os resultados das enquisas realizadas ao profesorado son positivos e manteñen a tendencia favorable do curso anterior. Este feito reflicte a dedicación e o esforzo continuo do noso corpo docente para proporcionar unha educación de alta calidade. Os datos recollidos nas enquisas amosan que a maioría do profesorado se sente satisfeito coa docencia impartida, destacando aspectos como a estruturación das clases, avaliación da materia e relación co alumnado.

Táboa 51. Informe da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Pregunta				
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.).	N/A	N/A	N/A	4.33
A duración das prácticas foi axeitada	N/A	N/A	N/A	4.33
As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados	N/A	N/A	N/A	4.33
A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.	N/A	N/A	N/A	3.67

As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.	N/A	N/A	N/A	5.00
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.	N/A	N/A	N/A	4.00
En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.	N/A	N/A	N/A	4.67
A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/miña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.	N/A	N/A	N/A	3.67
Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas	N/A	N/A	N/A	3.67
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazos ofertadas, horarios, etc.).	N/A	N/A	1.00	N/A
A duración das prácticas foi axeitada	N/A	N/A	5.00	N/A
As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados	N/A	N/A	5.00	N/A
A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.	N/A	N/A	5.00	N/A
As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.	N/A	N/A	5.00	N/A
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.	N/A	N/A	5.00	N/A
En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.	N/A	N/A	5.00	N/A
A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/miña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.	N/A	N/A	3.00	N/A
Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas	N/A	N/A	5.00	N/A
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazos ofertadas, horarios, etc.).	N/A	2.00	N/A	N/A
A duración das prácticas foi axeitada	N/A	3.00	N/A	N/A
As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados	N/A	5.00	N/A	N/A
A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.	N/A	5.00	N/A	N/A
As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.	N/A	4.00	N/A	N/A
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.	N/A	4.00	N/A	N/A
En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.	N/A	4.00	N/A	N/A
A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/miña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.	N/A	2.00	N/A	N/A
Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas	N/A	4.00	N/A	N/A
VALORACIÓN GLOBAL	N/A	3.67	4.33	4.19

Fonte: INF13 - Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Táboa 52. Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas

Curso académico	2022/2023
Pregunta	
A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades do/da alumno/a e da institución/ empresa?	5.00
Mantiven unha boa comunicación e coordinación coa institución/empresa e os responsables profesionais?	5.00
As competencias profesionais previas do alumno/a eran as axeitadas para a praza ofertada?	5.00
Considero que estas prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral?	5.00

O desempeño xeral do/da alumno/a foi axeitado?	4.00
Estiven atento/a ás necesidades do/a tutorando/a e mantiven unha comunicación axeitada con el/ela?	5.00
Indique o seu grao de satisfacción xeral coas tarefas desenvolvidas como titor/ra académico/a das prácticas externas (volume, dificultade das mesmas, etc.)?	5.00
A organización e o desenvolvemento xeral do programa de prácticas é axeitada?	5.00
Valoración global	4.88

Fonte: INF08 - Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas

A valoración dos titores académicos do programa de prácticas externas é moi positiva, a pesar de non poder comparalo directamente cos cursos anteriores. Esta valoración favorable reflicte a satisfacción dos titores co desenvolvemento e os resultados das prácticas, así como co progreso e a aprendizaxe do alumnado. Os titores destacan a calidade das experiencias proporcionadas polo programa de prácticas externas, subliñando a súa relevancia e utilidade para a formación profesional dos estudantes así como as competencias previas do alumnado.

3.8 Alumnado da Facultade de Enfermería con recoñecemento de créditos no curso 2022/2023

Táboa 53. Recoñecementos de créditos

Titulación	Alumnado (n)
Grao en Enfermería	26
Master Universitario en Xerontoloxía	1
Master Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	5

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

4.1 Persoal académico

Grado en enfermmería

O profesorado do Grado en Enfermería conta co nivel de cualificación exixido para a impartición do título, en base a súa experiencia docente e investigadora, é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. A información sobre o profesorado, recollese nos informes relativos ao plan de ordenación docente e que se mostran a continuación:

Táboa 54. Plan de ordenación docente Santiago

Título: Grao en Enfermaría		Centro: Facultade de Enfermaría		RUCT: 2501105	
Tipoloxía do profesorado					
Categoría	Número	Porcentaxe número	Horas	Porcentaxe horas	
Predoutoral FIDIS	1	1.19%	30.0	0.15%	
Predoutoral Ministerio	1	1.19%	54.0	0.26%	
Predoutoral Xunta	3	3.57%	88.0	0.43%	
Profesor/a: Asociado/a de Ciencias da Saúde LOU	41	48.81%	17373.0	84.9%	
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	5	5.95%	401.0	1.96%	
Profesor/a: Catedrático/a de Escola Universitaria	1	1.19%	144.0	0.7%	
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	2.38%	194.0	0.95%	
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	12	14.29%	1006.0	4.92%	
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	3	3.57%	264.0	1.29%	
Profesor/a: Profesor Interino/a substitución	4	4.76%	310.0	1.51%	
Profesor/a: Titular de Escola Universitaria	2	2.38%	274.0	1.34%	
Profesor/a: Titular de Universidade	9	10.71%	326.0	1.59%	
Total	84	100%	20464.0	100%	
Profesorado por departamento e área					

Departamento	Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría	[613] Medicina Legal e Forense	3	113	13
Electrónica e Computación	[570] Linguaxes e Sistemas Informáticos	1	0	0
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[315] Farmacoloxía	4	4	4
Táboa 25. Plan de ordenación docente Santiago (Cont.)				
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina	[255] Enfermaría	63	31	19
	[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública	11	16	13
	[770] Radioloxía e Medicina Física	2	6	5
Total		84	70	54

Fonte: Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado. Datos do curso 2022/2023

Informe elaborado a partir das seguintes fontes:

Base de datos de recursos humanos (PDI) actualizada a 01/07/2023 Base de datos do Plan de Ordenación Docente actualizada a 19/01/2023

O número total de PDI dun título pode ser inferior ao número desglosado por categorías no caso de producirse cambio de categoría ao longo do curso.

Táboa 55. Plan de ordenación docente Santiago (3ªed)

Taboal 55: Plan de docenación docente Santiago (S 20)

Título: Grao en Enfermaría [S]		Centro: Facultade de Enfermaría	RUCT: 2501105		
Tipoloxía do profesorado					
Categoría	Número	Porcentaxe número	Horas	Porcentaxe horas	
Posdoutoral Xunta	1	3.23%	12.0	0.62%	
Predoutoral Ministerio	1	3.23%	6.0	0.31%	
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	3.23%	48.0	2.49%	
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	3	9.68%	109.0	5.65%	
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	11	35.48%	795.0	41.19%	
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	5	16.13%	373.0	19.33%	
Profesor/a: Titular de Escola Universitaria	1	3.23%	80.0	4.15%	
Profesor/a: Titular de Universidade	8	25.81%	507.0	26.27%	
Total	31	100%	1930.0	100%	
Profesorado por departamento e área					
Departamento	Área		Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
Bioquímica e Bioloxía Molecular	[060] Bioquímica e Bioloxía Molecular		1	3	1
Ciencias Morfolóxicas	[027] Anatomía e Embrioloxía Humana		7	16	15
Electrónica e Computación	[570] Linguaxes e Sistemas Informáticos		3	10	5
Estatística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa		3	7	2
Fisioloxía	[410] Fisioloxía		3	18	15
Micribioloxía e Parasitoloxía	[630] Micribioloxía		1	5	5
Psicoloxía clínica e Psicobioloxía	[680] Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos		1	0	1
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina	[255] Enfermaría		10	12	10
	[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública		2	9	8
Total			31	80	62

Fonte: Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado. Datos do curso 2022/2023

Informe elaborado a partir das seguintes fontes:

Base de datos de recursos humanos (PDI) actualizada a 01/07/2023 Base de datos do Plan de Ordenación Docente actualizada a 19/01/2023

O número total de PDI dun título pode ser inferior ao número desglosado por categorías no caso de producirse cambio de categoría ao longo do curso.

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermaría.

Na actualidade, no Grado de Enfermería en Santiago, o número de profesores da área de Enfermería a tempo completo sigue sendo insuficiente, isto verificase co número de horas do POD e a comparativa con outras titulacións da USC. Con respecto á materia do Traballo Fin de Grao, o número de alumnos que titoriza cada profesor de Grao en Enfermería é moi elevado en relación con outras titulacións da mesma Universidade.

No curso 2022/2023 produciuse un aumento deste indicador, este cambio débese á estabilización incorporación de profesorado á Área de Enfermería con un perfil investigador e a estabilización do mesmo. Aínda así a media está por debaixo da media da Area (94.29%) e da media da USC (90.94%). Esperamos que este valor sega mellorando nos próximos cursos, para o cal volveremos a establecer unha acción de neste aspecto, tal e como fixemos na memoria anterior (AM7)

Táboa 56. Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total

Código indicador	Nome indicador	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN24G	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total*	62.5	66.67	70.59	75.0	70.0	67.86	73.91 82.35 (3ªed)

* Relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título e que pode ter sexenios Achega información sobre o perfil do profesorado.

Táboa 57. Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total

Código indicador	Nome indicador	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN25G	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total*	50.6	50.0	46.99	44.19	46.99	44.32	44.32 90(3ªed)

* Relación porcentual entre o PDI doutor e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

A existencia dun elevado número de profesorado con un perfil para o cal non é preciso ter o título de doutor está influíndo claramente neste valor. A diferenza co profesorado da 3ª edición débese a que a maior parte do PDI que imparte en primeiro as materias de formación básica pertence a outras áreas cunha maior tradición investigadora.

Táboa 58. Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total

Código indicador	Nome indicador	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN26G	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	37.35	38.75	33.73	30.23	30.12	25.0	20.45 40(3ªed)

* Relación porcentual entre o PDI funcionario e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

A reposición das xubilacións do profesorado centro, maioritariamente con profesorado a tempo completo e a estabilización de PDI non permanente ten un impacto positivo no porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total. A pesar desta mellora na actualidade o número de profesores a tempo completo é insuficiente, isto verificase co número de horas do POD e a comparativa con outras titulacións da USC.

Con respecto á materia do Traballo Fin de Grao, o número de alumnos/as que titoriza cada profesor de Grao en Enfermería é moi elevado en relación con outras titulacións da mesma Universidade. (aprox 7-8 alumnos por profesor cada curso académico). Isto dificulta as tarefas de investigación. Por outra banda, as tarefas de xestión, que recaen sobre un reducido nº de profesores, e as modificacións e adaptacións derivadas da crise sanitaria están supoñendo un serio e importante desgaste para o profesorado.

A institución ofrece oportunidades ao profesorado da Facultade para actualizarse e continuar coa súa formación, sen embargo, a carga docente, os horarios, e o perfil de moitos profesores (Asociados P6), e outras obrigas, dificulta realizar esas accións.

Máster Universitario en Xerontoloxía

É importante mencionar a capacidade investigadora dos profesores/as deste Máster, moi vinculado ao grupo de investigación da USC en Dependencia, Xerontoloxía e Xeriatría así como ao Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS)

Táboa 59. Plan de ordenación docente MUX

Título: Máster Universitario en Xerontoloxía		Centro: Facultade de Enfermería		RUCT: 4317745	
Tipoloxía do profesorado					
Categoría		Número	Porcentaxe número	Horas	Porcentaxe horas
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU		1	7.69%	72.0	18.14%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade		1	7.69%	36.0	9.07%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU		3	23.08%	90.0	22.67%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor		4	30.77%	77.5	19.52%
Profesor/a: Titular de Escola Universitaria		1	7.69%	21.0	5.29%
Profesor/a: Titular de Universidade		3	23.08%	100.5	25.31%
Total general		13	100.0%	397.0	100.0%
Profesorado por departamento e área					

Departamento		Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
Bioquímica e Bioloxía Molecular		[060] Bioquímica e Bioloxía Molecular	1	6	6
Ciencias Morfolóxicas		[027] Anatomía e Embrioloxía Humana	1	2	2
Dereito Común		[130] Dereito Civil	1	5	1
Economía Aplicada		[225] Economía Aplicada	1	4	2
Economía Financeira e Contabilidade		[230] Economía Financeira e Contabilidade	1	6	0
Pedagogía e Didáctica		[805] Teoría e Historia da Educación	1	4	0
Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía		[725] Psicobioloxía	1	5	1
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e		[255] Enfermaría	6	4	4
Total			13	36	16
Profesorado de cada materia					
Código	Materia	Categoría	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
P2023101	Demografía do envellecemento	Profesor/a: Titular de Universidade	1	4	2
P2023102	Valoración en xerontoloxía	Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	0	0
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	3	2
P2023103	Intervención en xerontoloxía	Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	0	0
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	3	2
P2023104	Xerontoloxía social I	Profesor/a: Asociado/a de Universidade	1	0	0
P2023105	Xerontoloxía clínica I	Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	0	0
		Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	1	2
P2023106	Metodoloxía da Investigación en xerontoloxía	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	6
P2023206	Dirección e xestión xerontolóxica	Profesor/a: Titular de Escola Universitaria	1	6	0
P2023207	Bioloxía do envellecemento	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	2	2
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	5	1
P2023208	Dereito e responsabilidade civil xerontolóxica	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	5	1
P2023209	Economía xerontolóxica	Profesor/a: Titular de Universidade	1	4	2
P2023210	Intervención sociopedagóxica en xerontoloxía	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	4	0
P2023213	Xerontoloxía social II	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
P2023214	Atención sociosanitaria	Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	0	0
Total			10	43	20

Fonte: Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado. Datos do curso 2020/2021

Informe elaborado a partir das seguintes fontes:

Base de datos de recursos humanos (PDI) actualizada a 01/07/2022

Base de datos do Plan de Ordenación Docente actualizada a 26/01/2022

O número total de PDI dun título pode ser inferior ao número desglosado por categorías no caso de producirse cambio de categoría ao longo do curso.

Táboa 60. Información PDI (Especialidade Social)

Código indicador	Nome indicador	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN24M	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total*	60.0	75.0	81.82	70.0	100.0	-
IN25M	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total**	93.75	94.74	94.12	100.0	100.0	-
IN26M	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total***	43.75	36.84	41.18	31.25	100.0	-

* Relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título e que pode ter sexenios. Achega información sobre o perfil do profesorado.

** Relación porcentual entre o PDI doutor e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

*** Relación porcentual entre o PDI doutor e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados

O profesorado que participa no Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados, PDI da USC, conta co nivel de cualificación en base a súa experiencia docente e investigadora esixido para a impartición do título de máster e o persoal docente da área externa, é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Todo o PDI que titoriza TFM ten experiencia docente e investigadora. O persoal docente que titoriza as prácticas externas e persoal do SERGAS que conta con experiencia asistencial e docente na formación de prácticas de Grao e Máster.

Táboa 61. Plan de ordenación docente MAXC

Título: Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados		Centro: Facultade de Enfermería		RUCT: 4310352		
Tipoloxía do profesorado						
Categoría		Número	Porcentaxe número	Horas	Porcentaxe horas	
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU		1	4.76%	11.2	2.52%	
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade		2	9.52%	103.0	23.16%	
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU		2	9.52%	19.2	4.32%	
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor		4	19.05%	132.2	29.72%	
Profesor/a: Titular de Universidade		2	9.52%	34.0	7.64%	
Total		21	100.0%	444.8	100.0%	
Profesorado por departamento e área						
Departamento		Área		Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría		[613] Medicina Legal e Forense		3	13	13
		[645] Obstetricia e Xinecoloxía		1	2	1
		[670] Pediatría		3	8	9
Ciencias da Comunicación		[105] Comunicación Audiovisual e Publicidade		1	5	3
		[675] Xornalismo		1	1	0
Estatística, Análise Matemática e Optimización		[265] Estatística e Investigación Operativa		1	6	1
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica		[315] Farmacoloxía		1	6	0
Pedagogía e Didáctica		[215] Didáctica e Organización Escolar		1	1	1
Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía		[680] Personalidade, Avaliación e Tratamentos		1	4	4
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e		[255] Enfermaría		7	7	6
		[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública		1	1	3
Total				21	54	42
Profesorado de cada materia						
Código	Materia	Categoría	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora	
P2051101	Manexo do Paciente Crítico	Profesor/a: Asociado/a de	1	0	0	
P2051102	Dereito e Bioética	Profesor/a: Catedrático/a de	1	6	5	
		Profesor/a: Profesor Axudante	1	0	0	
		Profesor/a: Profesor	1	6	4	
		Profesor/a: Titular de	1	1	4	
P2051103	Metodoloxía de Enfermaría	Profesor/a: Profesor	1	1	0	
P2051106	Enfermaría e Comunicación	Profesor/a: Asociado/a de Ciencias da Saúde LOU	1	0	0	
		Profesor/a: Catedrático/a de	1	4	4	
		Profesor/a: Profesor Axudante	1	1	1	
		Profesor/a: Titular de	1	5	3	
P2051107	Metodoloxía da Investigación	Profesor/a: Profesor Axudante	1	1	3	
		Profesor/a: Titular de	1	6	4	
P2051108	Estatística aplicada en atención sanitaria	Profesor/a: Titular de	1	6	1	
P2051201	Urxencias, Emerxencias e Grandes Catástrofes	Profesor/a: Asociado/a de	1	0	0	
		Profesor/a: Titular de	5	16	10	
P2051207	Sistemas Sanitarios de Saude	Profesor Interino/a substitución	1	0	0	
P2051208	Calidade na Atención Sanitaria	Profesor/a: Profesor Axudante	1	0	0	
P2051209	Enfoques Docentes	Profesor/a: Asociado/a de	1	0	0	
		Profesor/a: Profesor Axudante	1	1	1	
Total			21	54	42	

Fonte: Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado. Datos do curso 2022/2023

Informe elaborado a partir das seguintes fontes:

Base de datos de recursos humanos (PDI) actualizada a 01/07/2023 Base de datos do Plan de Ordenación Docente actualizada a 19/01/2023

O número total de PDI dun título pode ser inferior ao número desglosado por categorías no caso de producirse cambio de categoría ao longo do curso.

Táboa 62. Información PDI

Código indicador	Nome indicador	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN24M	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total*	86.67	80.0	70.59	81.25	80.0	87.5
IN25M	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total**	90.0	85.71	85.71	86.36	85.71	78.26
IN26M	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total***	70.0	66.67	76.19	68.18	61.9	60.87

* Relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título e que pode ter sexenios. Achega información sobre o perfil do profesorado.

** Relación porcentual entre o PDI doutor e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

*** Relación porcentual entre o PDI doutor e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

Polas características do profesorado descritas anteriormente e a carga docente que teñen nas titulacións analizadas na memoria é importante que exista un aumento do PDI a tempo completo así como a reposición das xubilacións con profesorado deste perfil, algún deles con vinculación ao SERGAS.

4.1.1 Entorno do traballo do profesorado

Con respecto aos grupos, a pesar de ser establecidos de forma estimativa, téntase que o tamaño dos mesmos sexa o máis homoxéneo posible. Os tamaños dos grupos de docencia interactiva pódense ver no indicador ING32 (táboa 63). Obsérvase un maior número na 3ª edición ao reflexar os grupos do primeiro curso (onde hai un maior número de alumnado). Aínda que o nº de alumnos/as dos grupos de laboratorio e de seminario seguen sendo elevados trátase de que se adecúen ás actividades formativas impartidas na docencia de seminario e laboratorio. A limitación ven dada principalmente polo espazo dispoñible e a falta de profesorado, os espazos e a posibilidade de facer máis grupos de docencia interactiva condicionan estes valores.

Táboa 63. Media de alumnos/as por grupo de docencia interactiva

Código indicador	Nome indicador	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN32G	Media de alumnos/as por grupo de docencia interactiva*	18.08	18.54	17.89	18.94	19.49	20.28	14.92 27.9 (3ªed)

* Relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de docencia interactiva

Táboa 64. Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas)

Código	IN55C
Nome	Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas)
Procedemento de Cálculo	Relación entre o número de alumnos matriculados en materias de formación básica e obrigatorias e o número de grupos de teoría desas materias.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-2023
Grao en Enfermaria (3ªed)				83,69
Grao en Enfermaria	73,68	71,57	75,61	61,86
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados	29,29	29,43	21,43	22,57
Máster Universitario en Xerontoloxía	9,50	14,00	-	-
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª edición)	-	-	13,00	20,00
Total	63,36	62,02	62,37	62,48

4.1.2 Formación do profesorado e mobilidade

A institución ofrece oportunidades ao profesorado da Facultade para actualizarse e continuar coa súa formación, sen embargo, a carga docente, os horarios, e o perfil de moitos profesores (Asociados P6), e outras obrigas, dificulta realizar esas accións.

Táboa 65. I6 Participación do PDI nos plans de formación. Facultade de Enfermaria

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PDI NOS PLANS DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PDI que realizou algún curso					
	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
Grao en Enfermaria (2ª ed)	-	-	-	-	25,23%	25.45%
Máster Universitario en Xerontoloxía (3ª ed)	-	-	-	-	46,15%	64.71%
Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (Esp. Xestión)	8,33%	21,88%	41,38%	42,42%	29,17%	28.0%

Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (Esp.Clinica)	8,33%	21,88%	41,38%	-	29,17%	28,0%
Máster Universitario en Xerontoloxía (2ª ed)	47,06%	36,84%	88,24%	56,25%	45,45%	-
Grao en Enfermería (1ª ed)	7,95%	14,85%	28,44%	37,86%	-	-

Debido á enorme importancia que ten a Simulación Clínica na formación dos profesionais sanitarios, a nosa facultade está firmemente comprometida en impulsar esta metodoloxía educativa. A simulación clínica permite aos estudantes e profesionais de saúde practicar e perfeccionar as súas habilidades en entornos controlados e seguros, o que redonda nunha mellora significativa da calidade da atención aos pacientes.

Neste contexto, a facultade está involucrada na creación de espazos dedicados exclusivamente á simulación clínica, equipados coa tecnoloxía máis avanzada para reproducir situacións clínicas reais de forma fidedigna. Ademais, estamos a desenvolver programas de formación específica dirixidos ao noso profesorado, co obxectivo de que adquiran as competencias necesarias para utilizar estas ferramentas de simulación de maneira efectiva e integrala nos seus plans de ensino.

Aínda que nos últimos anos produciuse un aumento do profesorado do Grao en Enfermería en Santiago que participa en programas de mobilidade (táboa 66) existe unha gran dificultade para acollerse a programas de mobilidade e estadias tanto en centros nacionais como estranxeiros debido á gran carga docente.

Táboa 66. I-10 Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título. Facultade de Enfermería

Curso 2017-2018		Curso 2018-2019		Curso 2019-2020		Curso 2020-2021		Curso 2021-2022		Curso 2022-2023	
Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total
1,14	88	2,00	100	1,05	95	6,52	92	6,59	91	5,95	84

A USC, ven facendo un esforzo cara o compromiso incluído na memoria 2016-2020, relativo á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado. Os procesos de estabilización do PDI na USC poderán influír positivamente a medio-longo prazo.

Observamos un importante aumento considerable nos 3 últimos cursos académicos. **O profesorado do Grao en Enfermería que pertencente á Área de Enfermería da USC** ten dificultades para acollerse a programas de mobilidade e estadias tanto en centros nacionais como estranxeiros debido a gran carga docente. A pesar disto, nos últimos anos, estamos a facer un esforzo significativo para establecer contactos con outros profesionais da educación mediante os programas de mobilidade. Estes programas, deseñados para fomentar o intercambio de coñecementos e experiencias, teñen como obxectivo fortalecer as relacións con institucións educativas de distintos lugares e enriquecer o noso enfoque pedagóxico.

A participación en programas de mobilidade permite ao noso profesorado colaborar con colegas doutras institucións, compartir boas prácticas e aprender novas metodoloxías de ensino. Estes intercambios non só melloran a calidade da docencia, senón que tamén contribúen ao desenvolvemento profesional continuo dos nosos docentes.

4.1.3 Actividade investigadora

A investigación na universidade xoga un papel crucial no avance do coñecemento e no desenvolvemento de solucións innovadoras para os desafíos que enfrenta a sociedade. No noso centro, recoñecemos a importancia vital da investigación non só para o progreso académico, senón tamén para a mellora continua da práctica educativa e profesional. É por iso que investimos recursos e esforzos en fomentar e apoiar a actividade investigadora entre o noso profesorado e estudantes.

A Facultade de Enfermería conta con dous grupos de investigación de gran relevancia: o grupo de **Dependencia, Xerontoloxía e Xeriatria**, e o grupo de **Enfermería Clínica, Urgencias, Simulación e Innovación Docente**. Estes grupos están compostos maioritariamente por profesorado da área de enfermmería, o que reflicte o noso compromiso coa excelencia nesta disciplina.

O grupo de [Dependencia, Xerontoloxía e Xeriatria](#) centra os seus esforzos en estudar e desenvolver métodos

para mellorar a calidade de vida das persoas maiores e dependentes. A súa investigación abarca desde o coidado diario ata as intervencións máis avanzadas en xeriatría, proporcionando coñecementos esenciais para afrontar os desafíos demográficos e de saúde pública relacionados co envellecemento da poboación.

Pola súa parte, o grupo de [Enfermería Clínica, Urxencias, Simulación e Innovación Docente \(CLINURSID\)](#) centra a súa oferta científica na ensinanza práctica da reanimación cardiopulmonar de calidade, a creación de escearios programados de simulación avanzada adaptados á poboación diana e simuladores avanzados de pacientes. A súa labor inclúe a investigación en técnicas de simulación clínica para a formación de profesionais, a optimización das intervencións en situacións de urxencia e emerxencia, e a innovación nos métodos de ensino e aprendizaxe. Estas liñas de traballo permiten que o noso profesorado e alumnado estean á vangarda das mellores prácticas no ámbito sanitario.

A existencia destes grupos de investigación contribúe significativamente á mellora da calidade docente e investigadora no noso centro. Grazas ao seu traballo, podemos ofrecer unha formación baseada na evidencia máis recente, o que redunda en beneficios tanto para os estudantes como para os pacientes que recibirán os seus coidados no futuro. Ademais, a actividade investigadora fomenta un ambiente académico dinámico e motivador, onde o coñecemento se comparte e se enriquece continuamente.

Para garantir que o alumnado de enfermmería coñeza a importancia e a función da investigación no seu ámbito profesional, o novo plan de estudos da nosa facultade inclúe unha materia optativa dedicada exclusivamente ás prácticas de investigación. Esta incorporación responde á necesidade de formar profesionais non só competentes nas habilidades clínicas, senón tamén capacitados para contribuír ao avance do coñecemento científico na área da saúde e despertar o interese pola carreira investigadora entre os futuros profesionais de enfermmería, promovendo unha cultura de mellora continua e innovación no campo sanitario. A materia sobre prácticas de investigación tamén representa unha excelente oportunidade para que o noso centro estableza convenios con diversas institucións de investigación. Estes acordos permitirán ao alumnado de enfermmería acceder a entornos de investigación de alta calidade, onde poderán aplicar os coñecementos adquiridos na aula e participar activamente en proxectos innovadores. Ademais, a colaboración con institucións de investigación abre novas vías para o intercambio de coñecementos e recursos, enriquecendo tanto a formación dos nosos estudantes como as iniciativas de investigación en curso.

Tendo en conta a implementación do novo plan de estudos unha acción de mellora prevista para o próximo curso será a búsqueda de entidade(s) de investigación que cumpran os requisitos para o desenvolvemento da materia "Prácticas de investigación".

4.2 Persoal de apoio

O persoal de PAS con dedicación a Facultade de Enfermería e a o Título de Grado e Máster é a seguinte:

Facultade de Enfermería de Santiago de Compostela

Táboa 67. Persoal de Administración e Servizos Facultade de Enfermería

	Posto	Nº
Administración	Responsable de la Unidade de Xestión de Centros e Departamentos	1
	Responsable de Asuntos Económicos	1
	Secretaría Decanato	1
	Posto base	1
Servizos	Conserxe Facultade Enfermería	1
	Técnico laboratorio	1
	Oficial de servizos Facultade Enfermería	2
	Oficial de servizos Pavillón Docente Novoa Santos*	2
	Biblioteca*	9

*Compartidos coa Facultade de Medicina e Odontoloxía.

Tomando como referencia o número de alumnos co que conta o centro, as distintas titulacións, así como o volume de traballo xerado polas prácticas clínicas, non se considera que o persoal de apoio, dedicado fundamentalmente á xestión e administración, sexa suficiente para desenvolver todas as funcións, tendo en conta ademais que, no centro, se van incrementando os procesos e se pretende unha mellora constante dos mesmos.


No curso 2022/2023 dentro das accións de mellora (AM7) produciuse a incorporación de persoal técnico para a asistencia nas prácticas de laboratorio.

Táboa 68. Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido

Código	IN49C
Nome	Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre o traballo que desenvolven.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-2023
Total	3,39	3,75	4,67	3,67	4,00	4.48

Figura 5. Resultados das enquisas de satisfacción aos grupo de interese, satisfacción do PAS co traballo desenvolvido



Fonte: 5057 Informe de indicadores 2022-23 USC

Observamos unha tendencia ascendente con respecto á satisfacción do persoal de administración en servizos co traballo desenvolvido (figura 5). Produciuse un importante descenso no curso 2020-2021 con respecto ao anterior, posiblemente polo efecto da pandemia por COVID-19

As accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia recae na figura da Xestora da unidade administrativa, tanto a difusión das accións formativas de carácter institucional das que se recibe información no centro como a solicitude a Universidade daquelas outras que podan ser de interese para o colectivo.

Táboa 69. I7 Participación do PAS nos plans de formación. Facultade de Enfermaría

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PAS que realizou algún curso					
	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
	86,00%	66,67%	80,00%	83,33%	83,33%	66.67%

Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Tomando como referencia o número de alumnos co que conta o centro, as distintas titulacións, así como o volume de traballo xerado polas prácticas clínicas, non se considera que o persoal de apoio, dedicado fundamentalmente á xestión e administración, sexa suficiente para desenvolver todas as funcións, tendo en conta ademais que, no centro, se van incrementando os procesos e se pretende unha mellora constante dos mesmos.

No curso 2022-2023 a continuidade na unidade de xestión dun posto interino dedicado á Unidade de docencia de especialización obstétrico-xinecolóxica, supón un alivio na carga de traballo, pois o administrativo, ademais de atender as súas funcións concretas colabora coa unidade nas tarefas xerais da mesma. A incorporación de persoal de apoio á docencia

 FACULTADE DE ENFERMARÍA	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 54 de 86

permitiría mellorar a eficiencia dos procesos.

Nun esforzo por resolver na medida do posible a insuficiencia de persoal, existe a vontade de dirixir os esforzos a lograr da unidade de xestión un equipo de traballo de persoas cada vez máis versátil e polivalente (evitando cada vez máis as especializacións), preparados para atender diferentes necesidades e funcións. O nivel de cualificación do persoal, favorecido polo interese na participación de cursos de formación, fai posible que este obxectivo se poida alcanzar.

Durante o curso 2022/2023 os cursos realizados polo persoal de administración e servizos, foron ofertados pola USC e pola Escola Galega de Administracións Públicas (segundo os convenios asinados coas universidades galegas). Neste curso o persoal decantouse máis polos cursos da USC.

A Universidade de Santiago de Compostela, de cara a detectar as necesidades de formación solicita a cada unidade de traballo unha autoavaliación anual acompañada dunha proposta de actividades formativas que axuden a reducir as eivas atopadas e que poden ser satisfeitas con formación de persoal. Podemos dicir que o persoal de apoio acada uns niveis de formación satisfactorios. O número de efectivos é escaso, pero moi eficiente.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oríéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

5.1 Calidade dos recursos materiais e os servizos

As infraestruturas da Facultade de Enfermería de Santiago non son as adecuadas polo grao de envellecemento do edificio e a falta de espazos. Esta deficiencia ven parcialmente compensada co uso, para impartir unha parte da docencia, do Aulario Novoa Santos situado preto do Hospital Clínico de Santiago. Ambos edificios encóntranse moi aloxados, a Facultade no campus norte e o Aulario no campus sur, e isto causa desconexión na vida da Facultade, trastornos de desprazamento, axustes de horarios e perda de tempo, entre outros.

[Acceso á información sobre infraestruturas e espazos da Facultade](#)

5.1.1 Mellora dos espazos e renovación do material

A Facultade de Enfermería de Santiago de Compostela atópase nun proceso de mellora dos equipamentos das aulas de docencia xerais, salas de simulación clínica e espazos comúns, buscando a mellora na calidade docente e a convivencia do alumnado e profesorado no centro facendo os espazos comúns máis habitables. Ademais, actualmente existe un proxecto para a creación dunha nova facultade na futura Cidade da Saúde da USC no que se contempla o crecemento das infraestruturas e servizos para adaptar o título ás necesidades futuras e que melloraría de forma considerable os espazos utilizados para a docencia na titulación.

ANO 2021

Material inventariable

- 1 dispositivo Dechoker anti antragamento
- 1 dispositivo anti-antragamento LIFEVAC

6 entrenador Venatech IV
 Mobiliario conserxería e estores
 2 proxectores Epson EB-982W
 Taquillas vestiarios
 1 impresora multifunción
 4 ordenadores de sobremesa e 2 monitores
 2 smart tv (aula de simulación clínica)
 1 monitor desfibrilador
 1 desfibrilador de entrenamiento
 1 bascula Tanita innerscan BC-545N
 1 maniqui little junior QCPR
 Total: 15.127,90 euros

Material funxible

Material diverso de laboratorio para realización de prácticas
 Total: 9.162 euros

Obra RAM

Mellora dos espazos da Facultade entre os que se inclúe a creación dun espazo para simulación avanzada pediátrica (aula de simulación clínica)
 Total: 22.058 euros

ANO 2022

Material inventariable

1 cámara videoconferencia
 1 Beyerdynamic phonum para audiocoferencia
 1 TV 86* Smart TV
 5 sillas patas araña para aula videoconferencia
 20 sillas con brazos
 1 mesa 720*160
 1 mesa 360*80
 2 ordenadores all in one
 1 axitador con placa calefactora
 1 pipeta multicanal
 1 lector de microplacas
 1 carro de parada e aspirador
 1 simulador palpación mama
 1 simulador parto
 1 traxe simulación de envellecemento
 Armarios metálicos para laboratorio bioquímica
 Total: 25.686,61 euros

Material funxible

Material diverso de laboratorio para realización de prácticas
 Total: 7.890 euros

Obra RAM

Traballos aula polivalente
 Total: 18.883,13 euros

ANO 2023

Táboa 70. Gastos 2023 Facultade de Enfermería

CONCEPTO	GASTOS
FUNXIBLE	16.113,69 €
ORDINARIO NON INVENTARIABLE	6.057,22 €
FOTOCOPIAS	110,33 €
REACTIVOS E MATERIAL FUNXIBLE DE LABORATORIO	8.244,10 €
COMUNICACIÓNS	1.702,04 €
INVENTARIABLE	32.382,64 €
EQUIPOS INFORMÁTICOS: All in one (n=11) Mini pc (n=3) Sobremesa (n=1) Portáti l(n=1)	10.434,77 €
EQUIPOS AUDIOVISUAIS: Proxectores (n=2) Pantallas/tv (n=5) micrófonos (n=3) Altosfalantes (n=5) Cámaras (n=2)	7.903,12 €
APARATOS LABORATORIO: Analizador composición corporal Axitador con placa	6.245,87 €
OUTRO MOBILIARIO E EQUIPAMENTO: Estores (n=31) Pizarras (n=4) Balanzas (n=10) Frigorífico (n=1) Maquetas (n=3) Sillas (n=4)	7.798,88 €
OBRA RAM	10.433,90 €
SALA POLIVALENTE I. ZENDAL	5.159,62 €
AULARIO NOVOA SANTOS	5.274,28 €

